



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 482
4 de xuño de 2019



CSV: BOPGDSPG80knvE1DT0

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm. 48795, 10/PL-000014)

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 50141) [161995](#)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 50143) [162008](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 50144) [162030](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 50145) [162052](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ 50476 (10/PPL-000041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia [162057](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

■ 50461 (10/POC-007941)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o seguimento e resultados da posta en marcha do Plan de prevención do suicidio en Galicia [162067](#)

■ 50193 (10/POC-007911)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a aplicación na actualidade, nas penitenciarías galegas, do programa de intervención para agresores machistas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, os seus resultados e o tipo de seguimento que se está a facer dos reclusos participantes [162069](#)



I 50197 (10/POC-007912)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre a avaliación e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da migración das mulleres no medio rural [162072](#)

I 50203 (10/POC-007914)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María**

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación cos riscos que están a afrontar as toniñas nas augas galegas, as actuacións que está a levar a cabo e as previstas para garantir a súa pervivencia, así como a súa coordinación co Goberno portugués para a adopción de medidas ao respecto [162075](#)

I 50233 (10/POC-007915)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda respecto da convocatoria de axudas dirixidas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, así como o orzamento que vai destinar para ese fin [162078](#)

I 50236 (10/POC-007916)**Grupo Parlamentario de En Marea****Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á relación existente entre a precariedade laboral e o número de traballadores que padecen estrés e ansiedade, así como as actuacións que está a levar a cabo para identificar e combater o grao que padecen os traballadores en Galicia [162081](#)

I 50239 (10/POC-007917)**Grupo Parlamentario de En Marea****Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da medida que vai adoptar o Goberno francés para limitar o prezo dos alugueiros, así como do posible interese social dunha medida semellante en Galicia [162084](#)

I 50241 (10/POC-007918)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de persoal das ambulancias de Foz, Monforte e do Salnés, así como para continuar co mesmo modelo de contratación e non estudar a viabilidade da asunción da súa xestión pública e directa [162086](#)

I 50276 (10/POC-007920)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o desenvolvemento regulamentario da Lei 13/2013, de caza de Galicia, así como para a apertura dun procedemento aberto e participativo para ese fin [162088](#)



I 50284 (10/POC-007921)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de garda-costas de Galicia para evitar minguas no servizo durante os paros programados polo cadro de persoal e a continuidade das operacións de mantemento e modernización das aeronaves *Pesca 1* e *Pesca 2*, así como para garantir o servizo [162090](#)

I 50290 (10/POC-007922)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre as razóns da baixada que presentan as exportacións galegas e do incremento que rexistran as importacións de Galicia no primeiro trimestre de 2019 en relación co mesmo período de 2018 e co resto das comunidades autónomas, así como a análise polo Goberno galego do impacto que van ter na economía de Galicia os cambios que se están a producir no comercio internacional [162092](#)

I 50292 (10/POC-007923)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre as razóns da baixada que rexistra a produción industrial en Galicia no mes de marzo de 2019 en relación co mesmo mes de 2018 e co resto das comunidades autónomas [162095](#)

I 50302 (10/POC-007924)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co resultado para a industria electrointensiva de Galicia da poxa da intercompilidade do mes de xuño e o funcionamento da Orde IET/2013/2013, en concreto, os bloques e os prezos asignados, así como a súa opinión respecto das repercusións no sector dos cambios introducidos no sistema de poxa [162097](#)

I 50308 (10/POC-007925)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto de circunvalación de Carballo no ano 2019, a inclusión nos orzamentos de 2020 dunha partida para a súa licitación e o inicio da súa execución, así como o mantemento dalgunha conversa co alcalde ao respecto [162101](#)

I 50315 (10/POC-007926)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 2 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo dende a entrada en vigor da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para regular a xustificación da calidade arquitectónica das edificacións reflectida nos seus artigos 24 e 39, as razóns da demora na súa consecución e as previsións do Goberno galego ao respecto [162104](#)

I 50320 (10/POC-007927)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a autorización pola Consellería de Cultura e Turismo das obras de reforma que se están a levar a cabo na fachada do edificio circular do complexo industrial de Sargadelos, no concello de Cervo, así como as medidas adoptadas ou previstas para garantir a protección dese ben de interese cultural [162108](#)

I 50324 (10/POC-007928)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 4 máis**

Sobre as razóns da demora da CRTVG na adopción das medidas precisas para incorporar o uso dunha linguaxe inclusiva da muller nas súas información e a existencia dalgún tipo de protocolo ou guía que evite a súa exclusión e o uso de estereotipos de xénero na redacción das noticias, así como as medidas adoptadas e previstas para mellorar no tratamento especializado das noticias de violencia de xénero [162111](#)

I 50330 (10/POC-007929)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica convocada para o mes de xuño de 2019 e a situación de Alcoa na Coruña e a da industria electrointensiva de Galicia, así como as actuacións que está a estudar ao respecto [162114](#)

I 50334 (10/POC-007930)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre os obxectivos do Plan de acción do marisqueo Galicia 2030 en materia de recuperación de permisos de explotación marisqueira a pé, o número destes destinados ás mulleres e a cronoloxía prevista para ese fin, así como os indicadores utilizados para o coñecemento do grao de cumprimento do plan e os principios nos que se basea [162119](#)

I 50347 - 50371(10/POC-007931)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións de mediación levadas a cabo polo Goberno galego para solucionar o conflito laboral existente na empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos da Xunta de Galicia [162121](#)

I 50349 (10/POC-007932)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa consecución dos obxectivos europeos en materia de eficiencia enerxética nos edificios [162127](#)

I 50142 (10/POC-007910)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as razóns do horario elixido pola CRTVG para a emisión e redifusión dos debates electorais, os datos referidos á audiencia que tiveron e as previsións ao respecto [162131](#)



I 50248 (10/POC-007919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o contido do programa *A Revista* emitido pola TVG o 17 de maio en relación coa maquillaxe das nenas para a súa primeira comunión [162136](#)

I 42279 (10/POC-006587)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para reforzar e mellorar a formación dos traballadores da automoción [161994](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm. 48795, 10/PL-000014)

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do día 4 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os catro escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 50141)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 50143)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 50144)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 50145)

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 50476 (10/PPL-000041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.



2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 50461 (10/POC-007941)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o seguimento e resultados da posta en marcha do Plan de prevención do suicidio en Galicia.
(Procedemento de urxencia)

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 50193 (10/POC-007911)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a aplicación na actualidade, nas penitenciarías galegas, do programa de intervención para agresores machistas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, os seus resultados e o tipo de seguimento que se está a facer dos reclusos participantes

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 50197 (10/POC-007912)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a avaliación e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da migración das mulleres no medio rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 50203 (10/POC-007914)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María



Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación cos riscos que están a afrontar as toniñas nas augas galegas, as actuacións que está a levar a cabo e as previstas para garantir a súa pervivencia, así como a súa coordinación co Goberno portugués para a adopción de medidas ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50233 (10/POC-007915)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda respecto da convocatoria de axudas dirixidas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, así como o orzamento que vai destinar para ese fin

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50236 (10/POC-007916)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a opinión do Goberno galego referida á relación existente entre a precariedade laboral e o número de traballadores que padecen estrés e ansiedade, así como as actuacións que está a levar a cabo para identificar e combater o grao que padecen os traballadores en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50239 (10/POC-007917)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da medida que vai adoptar o Goberno francés para limitar o prezo dos alugueiros, así como do posible interese social dunha medida semellante en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50241 (10/POC-007918)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de persoal das ambulancias de Foz, Monforte e do Salnés, así como para continuar co mesmo modelo de contratación e non estudar a viabilidade da asunción da súa xestión pública e directa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50276 (10/POC-007920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o desenvolvemento regulamentario da Lei 13/2013, de caza de Galicia, así como para a apertura dun procedemento aberto e participativo para ese fin

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 50284 (10/POC-007921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de garda-costas de Galicia para evitar minguas no servizo durante os paros programados polo cadro de persoal e a continuidade das operacións de mantemento e modernización das aeronaves *Pesca 1* e *Pesca 2*, así como para garantir o servizo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50290 (10/POC-007922)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as razóns da baixada que presentan as exportacións galegas e do incremento que rexistran as importacións de Galicia no primeiro trimestre de 2019 en relación co mesmo período de 2018 e co resto das comunidades autónomas, así como a análise polo Goberno galego do impacto que van ter na economía de Galicia os cambios que se están a producir no comercio internacional

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 50292 (10/POC-007923)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as razóns da baixada que rexistra a produción industrial en Galicia no mes de marzo de 2019 en relación co mesmo mes de 2018 e co resto das comunidades autónomas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 50302 (10/POC-007924)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co resultado para a industria electrointensiva de Galicia da poxa da interrompibilidade do mes de xuño e o funcionamento da Orde IET/2013/2013, en concreto, os bloques e os prezos asignados, así como a súa opinión respecto das repercusións no sector dos cambios introducidos no sistema de poxa

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50308 (10/POC-007925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto de circunvalación de Carballo no ano 2019, a inclusión nos orzamentos de 2020 dunha partida para a súa licitación e o inicio da súa execución, así como o mantemento dalgunha conversa co alcalde ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50315 (10/POC-007926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis



Sobre as actuacións levadas a cabo dende a entrada en vigor da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para regular a xustificación da calidade arquitectónica das edificacións reflectida nos seus artigos 24 e 39, as razóns da demora na súa consecución e as previsións do Goberno galego ao respecto
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50320 (10/POC-007927)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a autorización pola Consellería de Cultura e Turismo das obras de reforma que se están a levar a cabo na fachada do edificio circular do complexo industrial de Sargadelos, no concello de Cervo, así como as medidas adoptadas ou previstas para garantir a protección dese ben de interese cultural
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50324 (10/POC-007928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as razóns da demora da CRTVG na adopción das medidas precisas para incorporar o uso dunha linguaxe inclusiva da muller nas súas información e a existencia dalgún tipo de protocolo ou guía que evite a súa exclusión e o uso de estereotipos de xénero na redacción das noticias, así como as medidas adoptadas e previstas para mellorar no tratamento especializado das noticias de violencia de xénero
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 50330 (10/POC-007929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica convocada para o mes de xuño de 2019 e a situación de Alcoa na Coruña e a da industria electrointensiva de Galicia, así como as actuacións que está a estudar ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50334 (10/POC-007930)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os obxectivos do Plan de acción do marisqueo Galicia 2030 en materia de recuperación de permisos de explotación marisqueira a pé, o número destes destinados ás mulleres e a cronoloxía prevista para ese fin, así como os indicadores utilizados para o coñecemento do grao de cumprimento do plan e os principios nos que se basea
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50347 – 50371(10/POC-007931)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións de mediación levadas a cabo polo Goberno galego para solucionar o conflito laboral existente na empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos da Xunta de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 50371.



- 50349 (10/POC-007932)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa consecución dos obxectivos europeos en materia de eficiencia enerxética nos edificios

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50142 (10/POC-007910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do horario elixido pola CRTVG para a emisión e redifusión dos debates electorais, os datos referidos á audiencia que tiveron e as previsións ao respecto

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 50248 (10/POC-007919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o contido do programa *A Revista* emitido pola TVG o 17 de maio en relación coa maquillaxe das nenas para a súa primeira comuñón

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 42279 (10/POC-006587)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para reforzar e mellorar a formación dos traballadores da automoción

BOPG n.º 411, do 15.01.2019

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 50490.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN
DIXITAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000014).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 1

No apartado 1 do artigo 1, substituír o texto actual por:

"1. A presente lei ten por obxecto regular a transición a unha sociedade dixital e a unha administración dixital no sector público galego, procedendo a desenvolver a normativa europea e estatal en materia de administración electrónica e a fomentar as medidas precisas para incorporar as tecnoloxías dixitais no deseño de políticas públicas, na modernización do sector público galego, no impulso da transformación social e na modernización da economía galega, coa finalidade última de construír unha sociedade máis cohesionada, máis democrática e máis libre."

Emenda nº2, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 1

No apartado 2 do artigo 1, substituír o texto actual por:

"2. Para estes efectos, a lei regula o rexime xurídico de utilización dos medios dixitais polo sector público galego no desenvolvemento da súa actividade e nas súas relacións coa cidadanía, as infraestruturas e servizos do sector público galego, as medidas para o desenvolvemento dixital na sociedade con criterios de inclusión e non discriminación, e os órganos con competencias en relación coa administración dixital."

Emenda nº3, ao apartado a), de Modificación. Artigo 2



No apartado a) do artigo 2 cambiar o texto actual: “Ao sector público autonómico”, por: “Ao sector público galego”.

Emenda nº4, ao apartado b), de Modificación. Artigo 2

No apartado b) do artigo 2, substituír o texto actual: "b) Á cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico de Galicia", polo seguinte: "b) Á cidadanía nas súas relacións co sector público galego."

Emenda nº5, ao apartado b), de Modificación. Artigo 3

No apartado b) do artigo 3 cambiar “b) A modernización do sector público autonómico” por: "b) A modernización do sector público galego."

Emenda nº6, ao apartado f), de Substitución. Artigo 3

No apartado f) do artigo 3, substituír o texto actual polo seguinte:

"f) A capacitación da cidadanía en competencias dixitais, co obxectivo de favorecer un desenvolvemento social inclusivo e integrador, impulsar a participación plena en todos os ámbitos da vida, protexer os seus dereitos en relación coas administracións públicas e contribuir ao desenvolvemento económico de Galicia."

Emenda nº7, ao apartado g), de Supresión. Artigo 3

No apartado g) do artigo 3, suprimir a palabra “autonómico”.

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 4



No artigo 4, substituír: “sector público autonómico”, por: “sector público galego”.

Emenda nº9, ao apartado f) bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado f) bis:

"f) bis. Garantir o uso normal da lingua galega en todas as plataformas, procedementos e servizos da administración dixital, así como potenciar o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas en galego e en estándares abertos."

Emenda nº10, ao apartado f) ter), de Adición. Artigo 4

No artigo 4, engadir un novo apartado f) ter:

"f) ter. Facer efectiva a participación plena de toda a cidadanía evitando a fenda tecnolóxica e a exclusión por razóns de xénero, xeográficas, xeracionais, económicas, de diversidade funcional, culturais ou sociais."

Emenda nº11, ao apartado f) quater), de Adición. Artigo 4

No artigo 4, engadir un novo apartado f) quater:

"f) quater. Garantir a xestión pública directa de todas as plataformas e servizos dixitais de carácter estratéxico e que supoñan a xestión de información e datos persoais e confidenciais."

Emenda nº12, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 5

No apartado 1 do artigo 5 substituír a palabra: “autonómico”, por: “galego”.



Emenda nº13, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

No apartado 1 do artigo 7, substituir a palabra “autonómico” por “galego”.

Emenda nº14, ao apartado c) bis), de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado c) bis no artigo 7:

"c) bis. Suprimíranse as convocatorias públicas en concorrencia non competitiva, xa que non se garante a valoración obxectiva e o acceso igualitario aos servizos públicos dixitais."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 9

Suprimir o apartado 3 do artigo 9.

Emenda nº16, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 9

Suprimir o apartado 4 do artigo 9.

Emenda nº17, de Modificación. Artigo 10

No artigo 10, substituír: "autonómico", por: "galego".

Emenda nº18, de Modificación. Artigo 11

No artigo 11, substituír: “sector público autonómico”, por: “sector público galego”.

Emenda nº19, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 11



No apartado 2 do artigo 11, substituir o texto que comeza en:
"Así mesmo...", por:

"Así mesmo, garantirán o dereito á integración e participación das persoas no ámbito dixital, removendo as barreiras xeracionais, xeográficas, culturais, sociais e económicas que dificultan ou impiden o exercicio deste dereito."

Emenda nº20, de Modificación. Artigo 13

No artigo 13 substituír: "sector público autonómico", por: "sector público galego".

Emenda nº21, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 18

No apartado 2 do artigo 18, substituír: "Na norma de creación se concretarán...", por: "Na norma de creación concretárase..."

Emenda nº22, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 18

No apartado 3 do artigo 18, substituír: "A creación dunha nova sede electrónica...", por: "O acordo de creación dunha nova sede electrónica".

Emenda nº23, ao apartado 2, de Adición. Artigo 23

No apartado 2 do artigo 23, engadir ao final o seguinte texto:

"Esta xestión será realizada de forma directa por persoal da administración."

Emenda nº24, de Modificación. Artigo 26

No artigo 26 cambiar: "se fará", por: "farase".



Emenda nº25, ao apartado 2, de Adición. Artigo 32

No apartado 2 do artigo 32, engadir o seguinte:

"A citada rede deberá garantir unha boa cobertura do territorio galego para evitar a discriminación por razóns xeográficas ou de residencia."

Emenda nº26, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 32

No apartado 5 do artigo 32, substituír: "poderán", por: "deberán".

Emenda nº27, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 36

No apartado 1 do artigo 36, suprimir "ou privadas".

Emenda nº28, de Modificación. Artigo 40

No artigo 40 hai dous apartados que levan o número 3, polo que o segundo "3" debe ser cambiado por "4".

Emenda nº29, ao apartado 5, de Adición. Artigo 40

Engadir un novo apartado 5 no artigo 40 co seguinte texto:

"5. O citado rexistro terá xestión pública directa."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Adición. Artigo 44

No apartado 3 do artigo 44, engadir ao final o seguinte texto:

"O sistema Notifica.gal prestarase por medio de xestión pública directa."



Emenda nº31, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 46

No apartado 3 do artigo 46, substituír o texto: “nos casos nos as persoas interesadas”, por: “nos casos en que as persoas interesadas”.

Emenda nº32, ao apartado 1, de Adición. Artigo 47

No apartado 1 do artigo 47, engadir ao final o seguinte texto:

"Esta plataforma terá xestión pública directa."

Emenda nº33, ao apartado 1.i) bis), de Adición. Artigo 51

No apartado 1 do artigo 51, engadir un novo subapartado i) bis:

"i) bis. Fomentar o coñecemento e uso da lingua galega."

Emenda nº34, ao apartado 1.i) ter), de Adición. Artigo 51

No apartado 1 do artigo 51, engadir un novo suapartado i) ter co seguinte texto:

"i) ter. Garantir unha información pública obxectiva, neutral e fiábel fronte ao uso propagandístico das canles dixitais."

Emenda nº35, ao apartado 1.i) quater), de Adición. Artigo 51

No apartado 1 do artigo 51, engadir un novo subapartado i) quater co seguinte texto:

"i) quater. Crear canles e procedementos de consulta á cidadanía."



Emenda nº36, de Modificación. TÍTULO IV

No título do Título IV substituír: "sector público autonómico",
por: "sector público galego".

Emenda nº37, de Adición. Artigo 76

No artigo 76, engadir ao final o seguinte texto:

"Esta plataforma terá xestión pública directa."

Emenda nº38, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 77

No apartado 2 do artigo 77, substituír: "e nel se informará", por:
"e nel informase".

Emenda nº39, de Modificación. Artigo 78

No artigo 78, substituír : "sector público autonómico", por:
"sector público galego".

Emenda nº40, ao apartado 1, de Adición. Artigo 79

No apartado 1 do artigo 79, engadir o seguinte texto:

"Este arquivo terá xestión pública directa."

Emenda nº41, ao apartado 3.e) bis), de Adición. Artigo 81

No apartado 3 do artigo 81, engadir un novo apartado e) bis co
seguinte texto:

"e) bis. Fomento do uso de estándares abertos."



Emenda nº42, de Modificación. Artigo 86

No artigo 86, substituír: “sector público autonómico”, por: “sector público galego”.

Emenda nº43, ao apartado 1, de Adición. Artigo 92

No apartado 1 do artigo 92, engadir despois de: "sector público autonómico", o seguinte: “e as demais administracións”.

Emenda nº44, ao apartado 2, de Adición. Artigo 92

No apartado 2 do artigo 92, engadir despois de: "sector público autonómico", o seguinte: "e as demais administracións."

Emenda nº45, ao apartado 7, de Adición. Artigo 93

Engadir un novo apartado 7 no artigo 93 co seguinte texto:

"7. Como norma xeral, a administración prestará os servizos dixitais á cidadanía de forma directa. Só se fará uso da xestión indirecta naqueles casos en que sexa necesario contratar produtos ou infraestruturas tecnolóxicas necesarias para a prestación dos citados servizos."

Emenda nº46, ao apartado 6, de Adición. Artigo 104

No artigo 104 engadir un novo apartado 6 co seguinte texto:

"6. A Xunta de Galiza, en colaboración con outras administración, elaborará un Plan plurianual para a adquisición de competencias dixitais por parte da poboación, atendendo especialmente a criterios de inclusión daqueles sectores e colectivos con maiores dificultades para o coñecemento e uso destas competencias."



Emenda nº47, ao apartado 7, de Adición. Artigo 104

No artigo 104 engadir un novo apartado 7 co seguinte texto:

"7. A Xunta de Galiza, en colaboración con outras administracións, garantirá o acceso de toda a poboación a redes de banda ancha e a novos desenvolvementos de redes ultrarrápidas, para corrixir as actuais desigualdades por razóns xeográficas e de residencia."

Emenda nº48, ao apartado 1.f) bis), de Adición. Artigo 106

No artigo 106 engadir un novo subapartado f) bis. co seguinte texto:

"f) bis. O fomento da inclusión dixital no ámbito rural, nomeadamente das mulleres."

Emenda nº49, ao apartado 1.g) ter), de Adición. Artigo 106

No apartado 1 do artigo 106 engadir un novo subapartado g) ter. co seguinte texto:

"g) ter. O fomento da adquisición de competencias dixitais por parte das persoas que desempeñan cargos directivos nas entidades sociais."

Emenda nº50, ao apartado 4, de Adición. Artigo 106

No artigo 106 engadir un novo apartado 4 co seguinte texto:

"4. A Rede CeMIT complementarase con programas desenvolvidos a través do sistema educativo público e con programas de adquisición de competencias dixitais promovidos polos concellos, por organizacións sindicais e empresariais ou por medio do voluntariado dixital, co obxectivo de chegar a todos os sectores da poboación, nomeadamente a aqueles con maiores dificultades de acceso."



Emenda nº51, ao apartado 1, de Adición. Artigo 107

No apartado 1 do artigo 107, engadir despois de: "sector público autonómico", o seguinte texto: "e as demais administracións públicas galegas."

Emenda nº52, de Modificación. Artigo 108

No artigo 108, substituír: "sector público autonómico", por: "sector público galego".

Emenda nº53, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 108

No artigo 108, substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:

"3. O Plan de capacitación dixital do persoal empregado público será elaborado por unha comisión integrada pola Xunta de Galiza, as universidades, as administracións locais e outras administracións galegas interesadas en participar na súa elaboración e desenvolvemento."

Emenda nº54, de Modificación. Artigo 110

No artigo 110, substituír: "delegado", por: "delegación".

Emenda nº55, de Adición. Artigo 113

No artigo 113 engadir ao final o seguinte texto:

"Fomentarase a coordinación con outras administracións, nomeadamente co Parlamento, a Valeduría do Pobo, as Universidades e as administracións locais para o desenvolvemento da administración dixital. Con tal obxectivo poderá crearse un Consorcio para o impulso da administración dixital."



Emenda nº56, ao apartado 5, de Adición. Artigo 115

No artigo 115 engadir un novo apartado 5 co seguinte texto:

"5. O catálogo de sistemas dixitais establecerá as aplicacións, sistemas de información e servizos que se prestarán por xestión directa por parte da administración. Como mínimo, incluíranse na xestión directa os citados no artigo 116.3, así como os sistemas de xestión do correo corporativo, os servizos de xestión de información e de datos do SERGAS, da administración de xustiza e do sistema educativo público."

Emenda nº57, ao apartado 2.e) bis), de Adición. Artigo 123

No artigo 123 engadir un novo apartado e) bis. co seguinte texto:

"e) bis. Promover a adquisición de competencias dixitais por parte da poboación galega, atendendo prioritariamente a criterios de inclusión e non discriminación por razón de xénero, lingua, causas xeracionais, xeográficas, económicas e sociais."

Emenda nº58, ao apartado 2, de Adición. Artigo 129

No apartado 2 do artigo 129, engadir ao final o seguinte texto:

"Asemade, o Observatorio fará recomendacións e propostas en materia de fomento de competencias dixitais por parte da sociedade galega. Co obxecto de que teña unha composición máis plural e ampla, actualizarase a súa norma de creación para incluír unha maior representación das administracións locais, das universidades e do ámbito asociativo. Na súa composición garantirase a paridade de xénero."





Emenda nº59, ao apartado 3, de Modificación. Disposición derradeira terceira

No apartado 3 da Disposición adicional terceira, modificar o texto do punto oito cambiando a parte inicial polo seguinte:

"8. A consellaría competente en materia de arquivos coordinará a elaboración dun sistema de información administrativa da Xunta de Galiza..."

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2019 13:46:25

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2019 13:47:53



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA
AO PROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000014).**

Emenda nº1, ao apartado 3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"3. Garantir, en primeiro lugar, o acceso universal á conexión por rede de banda ancha de toda a cidadanía de Galicia, aos efectos da implantación da posterior normativa de administración dixital.

Teráse en conta especialmente o principio de igualdade dos colectivos máis desfavorecidos, entre eles, ás persoas con diversidade funcional."

Emenda nº2, ao apartado a), de Supresión. Artigo 2

Débese suprimir o segundo parágrafo do apartado a)

Emenda nº3, ao apartado b), de Substitución. Artigo 2

Débese substituír o texto do primeiro paragrafo polo seguinte:

"b) Á cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico de Galicia, sempre tendo en conta o disposto no artigo 14.1 da LPACAP, que establece o dereito das persoas físicas á elección da comunicación mediante medios electrónicos ou non, nas comunicacións coas administracións, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cos administración. Este medio pode modificarse pola persoa en calquera momento.

En todo caso, teñen a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo os seguintes suxeitos:

- a) as persoas xurídicas.
- b) as entidades sen personalidade xurídica.





c) aquelas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional, con expresa inclusión das notarías e dos rexistros da propiedade e mercantís

d) aqueles que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

e) A persoas empregadas das Administracións Públicas para trámites e actuacións que realicen na condición de empregado público, na forma determinada regulamentariamente cada Administración."

Emenda nº4, ao apartado c), de Adición. Artigo 2

Débase engadir no apartado c) a seguinte expresión:
Despois de: "Nos casos en que así se indique expresamente,"
Engadir: "mediante previsión regulamentaria,"

Emenda nº5, ao apartado a), de Adición. Artigo 3

Débase substituír o texto do apartado polo seguinte:
a) A garantía do acceso á rede (internet) de forma universal para o exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 13, 14, 15 e 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nas relacións electrónicas co sector público autonómico de Galicia."

Emenda nº6, ao apartado c), de Adición. Artigo 3

Débase engadir ao remate do texto do apartado c) a seguinte expresión:

"; todo elo baixo os principios, recollidos no artigo 4 da mesma lei, de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade á cidadanía, coordinación e cooperación coas outras administracións públicas."

Emenda nº7, ao apartado e), de Adición. Artigo 3



Débase engadir ao remate do apartado e) o seguinte texto:

"para as transaccións dixitais, que non se esixirá as persoas que non teñan garantido o acceso ás comunicacións electrónicas, ou ben que non desexen comunicarse nos termos do artigo 14.1 da lei 39/2015 de xeito electrónico coa administración. A estes efectos a administracións será a responsable de facilitar, nos termos do artigo 13.b da Lei 39/2015, a asistencia no uso de medios electrónicos nas relacións coas Administracións Públicas, garantindo baixo os principios de boa fe, claridade, proximidade, confianza lexítima, este acceso naqueles casos nos que se prevé expresamente que o único medio de comunicación coa administracións será o electrónico, poñendo a disposición das usuarias puntos exclusivos de atención para a tramitación electrónica con persoal formado e habilitado para levar a cabo estas actuacións."

Emenda nº8, ao apartado f), de Adición. Artigo 3

Débase engadir ao remate do apartado f) o seguinte texto:

"A estes efectos, a Administración pública Autonómica de Galicia, fará pública e manterá actualizada unha relación das oficinas nas que se prestará asistencia para a presentación electrónica de documentos, segundo o sinalado no artigo 16.7 da Lei 39/2015."

Emenda nº9, ao apartado a), de Substitución. Artigo 4

Débase substituír o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) Garantir o acceso á rede e mellorar a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico aproveitando as capacidades das tecnoloxías da información e a comunicación, de acordo cos principios e as normas de calidade, eficacia, transparencia e boa administración previstos nos artigos 2, 3 e 4 da Lei 1/2015, e o previsto no Título I, capítulos I e II nas relacións coa cidadanía, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno."

Emenda nº10, ao apartado b), de Substitución. Artigo 4





Débase substituír o texto do apartado b) polo seguinte:

"b) Facer efectivo o principio de igualdade e non-discriminación, con expreso recoñecemento do disposto no artigo 28 e da disposición adicional terceira sobre as condicións de accesibilidade e non discriminación, recollidas no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social en relación co disposto no artigo 37 da Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade. Así mesmo, garantir a accesibilidade dos sistemas, das aplicacións, dos sitios web e das aplicacións para dispositivos móbiles."

Emenda nº11, ao apartado c), de Substitución. Artigo 4

Débase substituír o texto do apartado c) polo seguinte:

"c) Asegurar a interoperabilidade dos servizos, os sistemas e a información cos doutras administracións públicas, coa finalidade de simplificar e axilizar a atención a cidadanía, no marco da expansión dos medios electrónicos como medio de comunicación coa Administración, e garantir a súa eficacia, así como favorecer a optimización e o aproveitamento de recursos."

Emenda nº12, ao apartado d), de Substitución. Artigo 4

Débase substituír o texto do apartado d) polo seguinte:

"d)) Garantir a seguridade da información e a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais, mediante un trato responsable e transparente dos datos, coa aplicación dos principios relativos recollidos no capítulo II do Regulamento (UE) 2016/679 e no título II da Lei 3/2018 de protección dos dereitos persoais e garantía dos dereitos dixitais."

Emenda nº13, ao apartado e), de Substitución. Artigo 4

Débase substituír o texto do apartado e) polo seguinte:

"e) Asegurar a integridade, a autenticidade, a confidencialidade, a calidade, a protección e a conservación





dos documentos que as persoas interesadas acheguen ao procedemento administrativo, de acordo co previsto no artigo 13 h) da Lei 30/2015 de conformidade co disposto no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica."

Emenda nº14, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 5

Débese engadir ao remate do apartado 2.c) a seguinte expresión:

", e faciliten, reducindo os trámites burocráticos e a documentación aportada."

Emenda nº15, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 5

Débese engadir ao remate do apartado 2.d) o seguinte texto:

"A este respecto facilitaranse puntos de acceso e oficinas para a atención á cidadanía, no marco do disposto no artigo 13b da Lei 39/2015 en relación co disposto no artigo 14."

Emenda nº16, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"3.- En todo caso, garantíranse os dereitos das persoas, que non teñan ou no queiran comunicarse de forma electrónica coas administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015. Garantírase tamén o respecto a esta modalidade de acceso presencial e con todas as garantías, dos dereitos das persoas con discapacidade, mentres sexa esta a opción escollida por elas para as súas relacións coas administracións públicas. A este respecto as administracións terán que cumprir o disposto no artigo 28 do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba os dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, na protección dos dereitos de accesibilidade e non discriminación no ámbito das relacións coas administracións públicas e no RD 366/2007."



Emenda nº17, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 7

Débese engadir no apartado 2.a), despois de "...a cidadanía teña o acceso" a seguinte expresión:
"á rede,"

Emenda nº18, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 7

Débese engadir ao remate do apartado 2.b) o seguinte texto:
"e persoal habilitado que axude á realización destas tarefas a todas as persoas, con especial cumprimento das obrigas coas persoas con discapacidade."

Emenda nº19, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 7

Débese engadir ao remate do apartado 2.c) o seguinte texto:
"Nestes casos, a entrega farase en papel, que despois se dixitalizará polo persoal funcionario, e sempre con entrega fefacente do xustificante para a persoa que aporta a documentación, queixa, suxerencia, ou realiza calquera trámite administrativo."

Emenda nº20, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o apartado 1

Emenda nº21, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o apartado 2

Emenda nº22, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o apartado 3.



Emenda nº23, ao apartado 4, de Adición. Artigo 10

Débese engadir un apartado co seguinte texto:

"4.- A Administración Xeral e as entidades instrumentais, garantirán que o acceso aos datos aportados conforme ao artigo 10.1 pola cidadanía, só poidan ser consultados e transmitidos no ámbito para o que a persoa autorice e nada máis que para ese procedemento, sendo responsable a administración pola consulta ou o traslado de datos sen ter a conseguinte autorización.

Terase especial coidado no ámbito da protección de datos recollidos no artigo 9.2.a) del Regulamento (UE) 2016/679, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais."

Emenda nº24, ao apartado 3, de Adición. Artigo 12

Débese engadir un apartado co seguinte texto:

"3. Segundo o disposto nos artigos 6.1, 6.3 e 6.4 e no título VI da lei 3/1983 de normalización lingüística os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa cidadanía."

Emenda nº25, ao apartado c), de Adición. Artigo 14

Débese engadir un apartado co seguinte texto:

"c) A estes efectos, poderá preverse a limitación temporal de determinados apartados da lei sempre e cando se constate que a súa implantación causa máis prexuízos ca beneficios e todo elo no ámbito da flexibilidade que a Intelixencia Artificial cause nas relacións entre a cidadanía e a administración, coas verificacións oportunas da melloras introducidas por esta lei, ou polas disposicións regulamentarias que se diten ao efecto."

Emenda nº26, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 16

Débese engadir ao remate do apartado 2.d) o seguinte texto:

"Consideraranse interesadas todas as persoas, organizacións e colectivos segundo o artigo 4 da lei 39/2015, e habilitaranse as canles necesarios para a súa comparecencia como tales, sexa o procedemento de carácter administrativo ou outro."



Emenda nº27, ao apartado 2.e), de Substitución. Artigo 16

Débese substituír o texto do apartado 2.e) polo seguinte:
"e) A consulta personalizada das transmisións de datos ou documentos entre administracións públicas efectuadas, sempre co consentimento anterior solicitado á persoa usuaria, que non revestirá o carácter de xeral, senón que se esixirá pola Administración para cada trámite."

Emenda nº28, ao apartado 3, de Adición. Artigo 16

Débese engadir ao remate do apartado o seguinte texto:
"Incorporaranse outras informacións relevantes para a cidadanía por Consellerías, a modo de exemplo, as seguintes informacións son relevantes: como o concerto cos hospitais, o importe trimestral ou anual dos mesmos. O número de prazas por hospitais para doentes, e a mingua en períodos vacacionais, o persoal contratado e o réxime.
Porén, no ámbito da Consellería de política social publicárase o número de persoas dependentes atendidas e o número de prazas públicas, así como as residencias públicas, as prazas de día, etc.
Consellería de Emprego e Industria: subvencións concedidas a empresas e deslocalización das mesmas, creación de postos de traballo, sancións por incumprimento da normativa laboral, etc. Subvencións e desenvolvemento en I+D+I
Consellería de Educación: Subvencións a centros educativos públicos e privados e ampliación das prazas ou mingua das mesmas.
Consellería de Medio Ambiente e Territorio: número de vivenda protexida por concellos, reserva para a construción. Etc.
Consellería de Medio Rural: Número de postos de traballo, subvencións, prezos dos principais produtos, etc."

Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir a seguinte expresión:
"e entidades do sector público autonómico de Galicia."



Emenda nº30, ao apartado b), de Supresión. Artigo 20

Débase suprimir a seguinte expresión:
"tanto de carácter persoal coma"

Emenda nº31, ao apartado c), de Supresión. Artigo 20

Débase suprimir a seguinte expresión:
"e recoller informacóns doutras circunstancias persoais"

Emenda nº32, ao apartado d), de Supresión. Artigo 20

Débase suprimir o apartado d)

Emenda nº33, ao apartado a), de Supresión. Artigo 21

Débase suprimir no apartado a) a seguinte expresión:
"que queiran utilizar na tramitación dos procedementos, de non especificaren outros datos distintos para un procedemento concreto."

Emenda nº34, ao apartado d), de Adición. Artigo 21

Débase engadir ao remate do apartado d) o seguinte texto:
"así como os recursos que se poden interpoñer, a autoridade administrativa ante os que os deben interpor, e os prazos de inicio e final de interposición de ditos recursos, e a obtención dos formularios normalizados se os houbese."

Emenda nº35, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 22

Débase suprimir no apartado 1 a seguinte expresión:
"farase coas garantías de seguridade necesarias,"



Emenda nº36, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 22

Débese substituír o texto do apartado 1.c) polo seguinte:
"1.c) Prestar o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais. En canto ao tratamento dos datos para a prestación de servizos proactivos obterase necesariamente pola persoa encargada, así como a información dos servizos proactivos, en que consisten, para que serven, e o dereito a retirar este consentimento en calquera momento."

Emenda nº37, ao apartado 2, de Adición. Artigo 22

Débese engadir ao remate do apartado 2 a seguinte expresión:
", tamén en canto a sancións por uso non autorizado."

Emenda nº38, ao apartado 1, de Adición. Artigo 23

Débese engadir ao remate do apartado a seguinte expresión:
"Coa solicitude a persoa usuaria cando realice algún dos trámites."

Emenda nº39, ao apartado 2, de Adición. Artigo 23

Débese engadir ao remate do apartado o seguinte texto:
", dando lugar ao dereito de esixir responsabilidades por accesos non autorizados ou por fendas de seguridade fronte á cidadanía."

Emenda nº40, ao apartado 3, de Adición. Artigo 23

Débese engadir ao remate do apartado o seguinte texto:
", sendo a Administración responsable da súa custodia nos termos recollidos na Lei Orgánica 3/2018."

Emenda nº41, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 24



Débese suprimir a seguinte expresión:
"ou á súa localización"

Emenda nº42, ao apartado 3, de Adición. Artigo 24

Débese engadir ao remate do apartado a seguinte expresión:
"Dita comunicación de revogación do consentimento terá efectos inmediatos."

Emenda nº43, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 25

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº44, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 28

Débese suprimir o seguinte texto:
", así como os supostos en que, de acordo coas condicións de uso do servizo, se poderán rexeitar os documentos electrónicos que se presenten e os efectos do seu rexeitamento."

Emenda nº45, ao apartado 4, de Adición. Artigo 29

Débese engadir ao remate do apartado 4 o seguinte texto:
"Cada asento xerará un recibo acreditativo xustificante en formato pdf para constatación da presentación da documentación, con día, hora e data."

Emenda nº46, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 30

Débese suprimir a seguinte expresión:
"Mediante un regulamento"



Emenda nº47, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 32

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "está constituída polas oficinas"
Debe dicir: "constitúena as oficinas"

Emenda nº48, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 32

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "estará integrada polas oficinas"
Debe dicir: "intégrana as oficinas"

Emenda nº49, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 32

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "serán creadas, modificadas e suprimidas"
Debe dicir: "crearanse, modificaranse e suprimiranse"

Emenda nº50, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 32

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "poderanse habilitar "
Debe dicir: "habilitaranse"

Emenda nº51, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 32

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "poderán dispoñer"
Debe dicir: "disporán"

Emenda nº52, ao apartado 7, de Adición. Artigo 32

Débese engadir ao remate do apartado o seguinte texto:

"En todo caso existirá unha oficina en cada unha das principais cidades de Galicia e vilas das comarcas, con horario de 9 a.m.



a 18.00 de luns a xoves en horario ininterrompido e de 9-14.00 os venres."

Emenda nº53, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 32

Débese suprimir o apartado 8.

Emenda nº54, ao apartado 1.e), de Supresión. Artigo 34

Débese suprimir a seguinte expresión:
", sempre e cando a antedita información conste na Carpeta cidadá ou sexa accesible a través da sede electrónica."

Emenda nº55, ao apartado 1.j), de Adición. Artigo 34

Débese engadir despois de "notificacións" a seguinte expresión:
"e copias"

Emenda nº56, ao apartado 2, de Adición. Artigo 34

Débese engadir ao remate do apartado a seguinte expresión:
"En todo caso tamén existirá a atención sen mecanismos de cita previa, en todas as oficinas."

Emenda nº57, ao apartado 2, de Adición. Artigo 35

débese engadir ao remate do apartado a seguinte expresión:
"Este modelo axuntarase como anexo número 1."

Emenda nº58, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 35

Débese substituír o texto do apartado polo seguinte:
"3. As persoas interesadas poderanlle solicitar ao persoal funcionario público habilitado toda a documentación





acreditativa do trámite realizado así como unha copia do mesmo e copia do documento de consentimento expreso asinado. Esta documentación estará dipoñible, en todo caso, na carpeta cidadá."

Emenda nº59, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir a seguinte expresión:
"ou privadas"

Emenda nº60, ao apartado 2, de Adición. Artigo 36

Débese engadir ao remate do apartado o seguinte texto:
"En todo caso o contido destes acordos, as retribucións económicas, o período de vixencia, así como os obxectivos publicárase desde o momento da sinatura no portal de transparencia."

Emenda nº61, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 42

Débese suprimir o apartado 1.c)

Emenda nº62, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 43

Débese substituír o texto do apartado polo seguinte:
"1. A Xunta de Galicia, con carácter xeral aceptará os sistemas de identificación e sinatura electrónicos recollidos no artigo 42 sempre tendo en conta o previsto nos artigos 9 e 10 da lei 39/2015."

Emenda nº63, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 45

Débese suprimir o apartado 4

Emenda nº64, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 46



Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº65, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 47

Débese substituír o texto do apartado polo seguinte:

"3. As persoas usuarias da plataforma de pagos recibirán un xustificante do pago realizado, coa hora e data sinalada na que se realizou o pagamento."

Emenda nº66, ao apartado 4, de Adición. Artigo 47

Débese engadir un apartado co seguinte texto:

"4. A plataforma de pago estará operativa os 365 días do ano as 24 horas."

Emenda nº67, ao apartado 4.a), de Adición. Artigo 60

Débese engadir ao remate do apartado 4.a) a seguinte expresión:

"e o nome dos seus titulares, e membros que compoñen os órganos e as entidades instrumentais en cada momento."

Emenda nº68, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 63

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº69, ao apartado 1, de Adición. Artigo 66

Débese engadir despois de "simplificar" a seguinte expresión:
"e axilizar"

Emenda nº70, ao apartado 3.c), de Adición. Artigo 66

Débese engadir ao remate do apartado o seguinte texto:



"cos requisitos de seguranza aplicados ao nivel de datos que se transmitan e sempre que exista conformidade da persoa interesada."

Emenda nº71, ao apartado 3.g), de Substitución. Artigo 66

Débese substituír o texto do apartado 3.g) polo seguinte:
"g) Inclusión e accesibilidade: deseñar os servizos públicos dixitais de tal modo que sexan inclusivos, que garantan o principio de igualdade de todas as persoas e non discriminación no acceso aos bens e servizos da administración, e teñan en consideración as necesidades de determinados colectivos, como o das persoas maiores e as persoas con diversidade funcional."

Emenda nº72, ao apartado 3.i), de Substitución. Artigo 66

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "i) Proxección exterior:"
Debe dicir: "i) Proxección interior e exterior:"

Emenda nº73, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 67

Débese substituír ao remate do apartado 1.b) a seguinte expresión:
Onde di: "os tempos de tramitación e atención."
Debe dicir: "os tempos de tramitación, atención e resolución."

Emenda nº74, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 67

Débese suprimir o apartado 1.c)

Emenda nº75, ao apartado 1.f), de Substitución. Artigo 67

Débese substituír o texto do apartado 1.f) polo seguinte:
f") Os mecanismos de identificación de melloras, fendas e eivas, na prestación do servizo público dixital."





Emenda nº76, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 67

Débese suprimir ao inicio do apartado a seguinte expresión:
"Regulamentariamente"

Emenda nº77, ao apartado 2, de Adición. Artigo 68

Débese engadir ao remate do apartado o seguinte texto:
"Terase en conta a maiores as dificultades no desenvolvemento das pemes e medianas empresas neste eido, sendo claves as axudas que se poidan desenvolver para potenciar o desenvolvemento deste tipo de aplicacións para as relacións coas AAPP. Nas invitación a procedementos negociados, terase en conta de tratarse de pequenas, medianas empresas ou do colectivo de autónomos, o cumprimento noutras áreas, como a de integración das persoas con discapacidade, o cumprimento das Lei Orgánica 3/2007, e os criterios de proximidade."

Emenda nº78, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 70

Débese suprimir o seguinte texto:
", incluíndo certificados de persoa física representante da Administración xeral ou das entidades públicas instrumentais."

Emenda nº79, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 71

Débese suprimir o seguinte texto:
", incluído un certificado de persoa física representante da Administración xeral ou da entidade pública instrumental, para o desenvolvemento das súas funcións."

Emenda nº80, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 71



Débese substituír o texto do apartado polo seguinte:

"4. Excepcionalmente, por razóns de seguridade pública, habilitaranse para determinado persoal empregado público do sector público autonómico o uso de certificados electrónicos, referíndose en todo caso ao número de identificación profesional de empregado/a público que permitirá a súa identificación nos casos nos que fose necesario, segundo o recollido no artigo 43.2 da Lei 40/2015."

Emenda nº81, ao apartado 1, de Adición. Artigo 75

Débese engadir a seguinte verba:

Despois de: "copias auténticas" débese engadir: "gratuítas"

Emenda nº90, ao apartado 6, de Adición. Artigo 75

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"6. Establecerase regulamentariamente o catálogo de funcións e servizos que prestarán de cara á cidadanía, especialmente con respecto á habilitación e tramitación da administración dixital no tocante a aquelas persoas que non están obrigadas a relacionarse de xeito electrónico coa administración."

Emenda nº82, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 101

Débese engadir ao remate do apartado o seguinte texto:

"e da emisión de certificados negativos, no caso de fallo do sistema, a efectos de acreditación para as persoas."

Emenda nº83, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 109

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "poderán ter a consideración de obrigatorias"

Debe dicir: "terán a consideración de obrigatorias"

Emenda nº84, de Adición. Artigo 130





Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 130. Responsabilidade da administración dixital.

As e os particulares terán dereito á ser indemnizadas polas lesións que sufran nos seus bens e dereitos, sempre que estas lesións sexan consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, neste caso, os provocados polo funcionamento da administración na vertente dixital, salvo nos casos previstos na lei, segundo o disposto no artigo 32 e seguintes da lei 40/2015.

Estarase ao disposto no que respecta ao catálogo de infraccións e sancións no disposto na lei 40/2015."

Emenda nº85, ao apartado 2, de Supresión. Disposición adicional segunda

Débese suprimir o apartado 2.

Emenda nº86, ao apartado 2, de Supresión. Disposición adicional cuarta

Débese suprimir o apartado 2.

Emenda nº87, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir a Disposición derradeira primeira.

Emenda nº88, ao apartado 4, de Adición. Disposición derradeira segunda

Débese engadir un punto co seguinte texto:

"4. As actas das sesións dos órganos colexiados publicaranse no portal web do propio órgano colexiado, con expresa mención dos asistentes, e co contido, segundo o ditado na Lei de transparencia e bo goberno."





Emenda nº89, ao apartado I, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituír o texto do apartado I polo seguinte:

"I

A Intelixencia Artificial transforma o noso mundo, a sociedade e a industria. Ligada a esta está internet e os seus usos hoxe en día. A cuarta revolución industrial é a da IA ligada á interconexión das administracións ca cidadanía no marco dunha interacción necesaria para o avance da sociedade, para a creación de postos de traballo, para a garantía e a calidade, transparencia e bo funcionamento dos servizos públicos e para unha maior calidade democrática co control desde o nivel particular ata o máis xeral do uso do erario público en beneficio de toda a sociedade.

A revolución nace coas redes sociais e estendeuse de forma virulenta entre a xuventude coas plataformas de comunicación instantánea, Whatsapp, Telegram, Snapchat, Instagram; lectores de xornais en liña como o marca, o progreso, e sport, a voz de Galicia, ou aplicacións como e-park, wallapop, amazon, tendas virtuais, tendas de xogos, xunto con redes sociais (facebook, twitter) que fornecen un mundo virtual e son referente no día a día das persoas. Porén isto non significa que teñan que ser un referente para un proxecto de lei de administración dixital de Galicia.

Os datos en bruto sobre acceso da poboación á internet hai que lelos baixo a prisma de como se fornecen e o que implican. Que os menores de entre 10-15 anos usan internet para comunicarse é un feito palpable pero non que contraten a través da administración electrónica. Saben consultar, ler, comunicarse. Tarefas básicas en entornos dixitais. Porén a IA aplicada as AAPP adquire unha dimensión maior.

Para facer un proxecto de administración dixital hai que ver como se usan os principais métodos electrónicos polas persoas físicas en particular, polas profesionais en xeral e polas traballadoras das administracións públicas, no senso de detectar os defectos e as melloras que se poden implementar, así como o traballo cos principais provedores de aplicacións para as administracións públicas sempre baixo os parámetros do Esquema Nacional de Seguridade e do Esquema Nacional de Interoperabilidade, baixo os parámetros de seguridade encomendados ao Centro Criptolóxico Nacional (Real Decreto 421/2004, de 12 de marzo, que regula o CCN, artigo 2.1.a e 2.2) contidas na Lei 39/2015 e 40/2015.

Este esquema nacional de seguridade busca incrementar a confianza na que os sistemas de información prestarán os servizos e custodiarán a información segundo as súas





especificacións funcionais, sen interrupcións ou modificacións fora de control e sen que a información poda chegar ao coñecemento de persoas non autorizadas; e que irá evolucionando segundo o desenvolvemento e perfección dos servizos e as infraestruturas, segundo a exposición de motivos do RD 3/2010 que regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

Só os profesionais que teñen que traballar coas aplicacións como a sinatura electrónica, papel cero, e administración dixital saben o tempo que leva, o farragoso que é, o uso de tecnoloxías como a encriptación dos dispositivos, a seguridade no tratamento dos datos, as copias de seguridade, os programas antivirus, a loita contra o spam, o malware, etc. dan idea das fendas de seguridade que se poden producir e os compromisos e recursos que hai que dedicar no cumprimento da normativa de protección de datos.

Porén, unha administración transparente e electrónica é un referente nun país democrático, símbolo do control da cidadanía sobre a administración e sobre o uso do erario público, a onde e a onde non chegan os recursos e a efectividade de certos programas.

A maior parte da poboación usa as redes sociais como medio de comunicación instantánea e gratuíta (isto é un dicir, xa que se paga a conexión telefónica de datos). Tampouco constitúe un referente no uso das tecnoloxías e das comunicacións a descarga da vida laboral coa clave. Son pasos grandes, pero non poden reducir o ámbito da seguridade e do que implica a administración electrónica: as caídas da rede, as fendas de seguridade a comercialización dos datos da cidadanía por terceiros sen escrúpulos, e o uso dos mesmo constitúen a Intelixencia Artificial aplicada ás comunicacións electrónicas coas AAPP do presente e do futuro.

A innovación no sector das TIC coas Administracións públicas pode xerar complexidades e incertezas, e á vez grandes oportunidades.

Os riscos poden controlarse gracias a fórmulas de dereito flexibles e adaptativas, como unha sorte de dereito innovador, coa incorporación de técnicas como as “sunset clauses” ou normas experimentais ou as sandbox, con limitacións temporais. A innovación, tan presente no Dereito público europeo, é o froito da consolidación do dereito á boa administración, boa gobernanza, e as obrigas que del se derivan como son as de transparencia e participación, ou goberno aberto, ademais da mellora regulatoria ou “better or smart regulation”.

Boa mostra das mesmas son as leis estatais 39/2015 e 40 de 2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común





e sector público, respectivamente, porén falta xestión por facer e implementación desta intelixencia artificial no ámbito das comunicacións electrónicas coas administracións coas garantías e coa flexibilidade necesarias. Necesitamos avanzar e experimentar, para a procura dunha administración dixital que se estenda a todo o mundo, pero non impor máis burocracia a colectivos que per se non teñen ou non queren participar neste modelo. As administracións teñen que deixar unha canle aberta para estas persoas que por idade ou ben por circunstancias non desexa comunicarse coas Administracións Públicas de modo electrónico."

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 24/05/2019 13:53:38

Carmen Santos Queiruga na data 24/05/2019 13:53:43



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN
DIXITAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000014).**

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei de administración dixital de Galicia

Proponse un novo título para esta lei co seguinte enunciado:

"Proxecto de lei de Administración dixital do sector público autonómico de Galicia."

Emenda nº2, de Adición. Proxecto de lei de administración dixital de Galicia

Débase engadir un índice antes da exposición de motivos.

Emenda nº3, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 1

Na primeira liña onde di: "... a transición a unha ...", debe dicir: "... o novo modelo de administración dixital ..."

Emenda nº4, ao apartado 2, de Adición. Artigo 1

No punto 2 deste artigo, despois de: "... coa cidadanía, ...", débese engadir: "... coas demais administracións públicas e coas empresas e entidades, ..."

Emenda nº5, ao apartado a), de Modificación. Artigo 2



No segundo parágrafo da letra a) deste artigo onde di: "..., non serán aplicables ás entidades instrumentais de dereito privado previstas na alínea b) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, aqueles preceptos da lei cuxa aplicación se restrinxa expresamente ás entidades públicas instrumentais, así como aqueles que, segundo o caso, ...", debe dicir: "... poderán non ser de aplicación ás entidades instrumentais de dereito privado previstas na letra b) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, cando así se xustifique, ..."

Emenda nº6, ao apartado a), de Adición. Artigo 3

Débase engadir *in fine*, na letra a) deste artigo o seguinte texto: ", ... promovendo unha Administración pública aberta, transparente, accesible, eficaz e eficiente."

Emenda nº7, ao apartado b), de Adición. Artigo 3

Na letra b) deste artigo débese engadir a palabra: "..., áxil, ..." despois de : "... transparente, ..."

Emenda nº8, ao apartado h), de Adición. Artigo 3

Na letra h) deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Esta cooperación prestará especial atención á Administración local galega, para o que se abordarán as necesarias medidas de fomento e apoio."

Emenda nº9, ao apartado b), de Adición. Artigo 4

Na letra b) deste artigo, débese engadir logo de: "... ou procedemento." o seguinte texto: "..., así como por razón de discapacidade ou dificultades especiais."

Emenda nº10, ao apartado b), de Adición. Artigo 4





Na letra b) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:
"..., permitindo, en todo caso, o uso dos medios electrónicos independentemente das opcións tecnolóxicas escollidas e promovendo o uso de estándares abertos."

Emenda nº11, ao apartado f) bis), de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra f) bis que terá o seguinte contido:

"f) bis. Adoptar as medidas necesarias para que o deseño de servizos, trámites e procedementos sexa conforme co obxectivo de reducir as cargas, os custos e os prazos de resolución dos procedementos administrativos, acadando a maior eficacia, eficiencia e economía na actividade administrativa."

Emenda nº12, ao apartado f) ter), de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra f) ter, que terá o seguinte contido:

"f) ter. A Xunta de Galicia, de acordó co establecido na lexislación vixente, impulsará a redución de taxas cando a cidadanía opte por medios electrónicos ou dixitais na tramitación de procedementos administrativos. Con tal finalidade, as leis orzamentarias anuais conterán o importe concreto das ditas reducións."

Emenda nº13, ao apartado f) quater), de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra f) quater, que terá o seguinte contido:

"f) quater. A Xunta de Galicia, de acordo co establecido na lexislación vixente, impulsará a redución de prazos naqueles procedementos administrativos nos que sexa factible e nos cales a cidadanía opte por medios electrónicos ou dixitais."



Emenda nº14, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 5

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. En todo caso o emprego de procedementos administrativos electrónicos ou dixitais non suporá ningunha modificación da natureza e efectos dos servizos ou actos administrativos, nin implicará eliminación, redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos á cidadanía."

Emenda nº15, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 5

Débase engadir un novo punto 2 ter, que terá o seguinte contido:

"2 ter. "A cidadanía terá os seguintes dereitos nas súas relacións por medios dixitais coa Administración do sector público autonómico de Galicia:

- a) A non ser discriminada pola utilización dos procedementos administrativos dixitais ou electrónicos que se aprobe pola Administración.
- b) A utilización de calquera das dúas linguas oficiais de Galicia, nos termos que estableza a lexislación reguladora do uso do galego e o artigo 12 desta lei.
- c) A formular peticións, pretensións, suxestións e accións, emendar defectos, practicar alegacións e probas, e formular recursos e reclamacións contra os actos da Administración pública de Galicia.
- d) A obter certificados administrativos por medios dixitais.
- e) A pedir e obter informacións e formular consultas por sistemas que non entrañen especial dificultade, preferentemente mediante correos electrónicos ou similares.
- f) A coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que reúnan a condición de persoas interesadas.
- g) Á utilización dos mecanismos de identificación establecidos legalmente nos trámites telemáticos.
- h) Á obtención e utilización da sinatura electrónica nas condicións legalmente establecidas ou dun sistema de identificación análogo.
- i) A obter copias electrónicas dos documentos administrativos electrónicos que formen parte de procedementos nos que se teña a condición de persoa interesada.





- j) A que a Administración lles garanta un servizo de xestión de arquivo para documentos electrónicos e a conservación dos actos administrativos dixitais que formen parte dun expediente.
- k) Á participación por medios electrónicos na actividade administrativa mediante audiencias ou informacións públicas, cando así estea prescrito legalmente ou mediante enquisas e consultas en determinados casos.
- l) A acceder aos servizos e prestacións públicas a través do canal ou medio da súa elección, entre os que en cada momento resulten tecnoloxicamente dispoñibles.
- m) Á privacidade dos seus datos persoais e á intimidade persoal e familiar.
- n) A todas as garantías xurídicas que esixen a normativa reguladora da protección dos datos persoais.
- ñ) Á seguridade e á calidade nas transmisións dixitais ou electrónicas.
- o) A utilizar libre e gratuitamente os medios e servizos electrónicos que se poñan á súa disposición nas oficinas de atención o público ou lugares especificados para iso, para o seu emprego nas relacións coas administracións públicas.
- p) A non achegar datos e documentos que obren en poder da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a cal utilizará medios dixitais ou electrónicos para solicitar a dita información, sempre que se conte co consentimento expreso das persoas interesadas ou que unha lei así o determine cando os datos sexan de carácter persoal."
-

Emenda nº16, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 9

Na letra a) do punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... cando así veña establecido na normativa reguladora do procedemento, por razón da súa capacidade económica, técnica, sector profesional ou outros motivos obxectivos, e quede acreditado que dispón de acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios."

Emenda nº17, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 9

Na letra b) do punto 1 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto:



" ..., no marco da normativa reguladora do Sistema universitario de Galicia."

Emenda nº18, ao apartado 3, de Adición. Artigo 9

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... e sempre que non provoquen ningún efecto discriminatorio ou disuasorio."

Emenda nº19, ao apartado 1, de Adición. Artigo 10

No segundo parágrafo do punto 1 deste artigo, despois de: "... estableceranse ...", Débese engadir: "... regulamentariamente ..."

Emenda nº20, ao apartado 1, de Adición. Artigo 11

No punto 1 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Prestarase atención especial ás persoas con discapacidade intelectual."

Emenda nº21, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 11

Débese engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis. Singularmente a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico promoverán programas de axudas dirixidos ao fomento e utilización de medios dixitais entre as persoas do medio rural."

Emenda nº22, ao apartado 1, de Adición. Artigo 13



No punto 1 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . En todo caso esta acreditación deberá de ser compatible, recoñecible e non contraditoria coas titulacións oficiais ou cualificacións profesionais relacionadas."

Emenda nº23, de Modificación. Artigo 14

O primeiro parágrafo deste artigo, debe ser numerado *ab initio* como punto 1, e modificado engadindo unha nova expresión, de tal xeito que quedaría como segue:

"1. Estableceranse pola Xunta de Galicia uns mecanismos e procedementos que permitan avaliar as medidas previstas nesta lei, entre os cales deben figurar os seguintes:"

Emenda nº24, de Adición. Artigo 14

Débese engadir un novo parágrafo final 1 bis), que terá o seguinte contido:

"1 bis. Anualmente a Xunta de Galicia elaborará un informe para medir a efectividade das medidas previstas nesta lei, do que se dará conta ao Parlamento de Galicia. Este informe conterá, se proceder, as necesarias medidas orzamentarias. O seu deseño e contido serán definidos regulamentariamente."

Emenda nº25, de Modificación. Artigo 15

Proponse unha nova redacción para este artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"A sede electrónica é o espazo electrónico no que se dispón de forma integrada a información, os servizos e os tramites electrónicos da Xunta de Galicia e abrangue como ámbito de aplicación o conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico de Galicia."



Emenda nº26, ao apartado 2, de Adición. Artigo 16

No punto 2 deste artigo débese engadir unha nova letra i) bis, que terá o seguinte contido:

"i) O acceso para facilitar a presentación de propostas, reclamacións ou suxestións sobre as cuestións que afectan á Administración autonómica no ámbito material que recolle esta lei."

Emenda nº27, ao apartado 2.i) ter, de Adición. Artigo 16

No punto 2 deste artigo débese engadir unha nova letra i) ter, que terá o seguinte contido:

"i) ter. O acceso ao Portal de Transparencia, facilitará a interconexión con outros enderezos electrónicos da rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico."

Emenda nº28, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 16

No punto 3 deste artigo, débese substituír a expresión: "... incorporará ..." por: "... regulamentariamente poderá incorporar ..."

Emenda nº29, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 17

Débese engadir un novo punto 4 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"4 bis. Co fin de garantir unha adecuada coordinación e asegurar os necesarios niveis de colaboración para posibilitar a actualización permanente da información e a súa adecuación ás demandas da cidadanía, a Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico, conforme ao establecido no artigo 118, terá atribuídas funcións para potenciar a colaboración entre as



unidades de información administrativa e unidades de xestión de sitios web dos distintos departamentos, analizar os modelos de gobernanza que posibiliten unha adecuada xestión, garantir as accións que se consideren convenientes para ofrecer un servizo apropiado de información administrativa e dispor da información ou colaborar na xestión da sede electrónica."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 18

Propónse un novo texto para o punto 3 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"3. A creación, modificación, interrupción ou supresión dunha sede electrónica corresponderalle o Consello de Xunta de Galicia, consonte o establecido no artigo 117, por proposta conxunta dos titulares da consellaría competente en materia de administración e do departamento correspondente."

Emenda nº31, ao apartado 2, de Adición. Artigo 19

No punto 2 deste artigo, despois de: "... chegada ...", débese engadir: "... voluntariamente ..."

Emenda nº32, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 19

Débese engadir un novo punto 3 bis neste artigo, que terá o seguinte contido:

"3 bis. Dado o seu carácter confidencial, é necesario realizar unha solicitude expresa para poder ter acceso á Carpeta cidadá, coexistindo coa opción telemática a presencial."

Emenda nº33, ao apartado 1, de Adición. Artigo 22

No punto 1 deste artigo, logo de: "... frase ...", débese engadir a palabra: "... gratuitamente ..."



Emenda nº34, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 24

Débase engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis. En calquera caso, serán respectados na prestación destes servizos os principios de obxectividade, transparencia e igualdade, sen que baixo ningunha circunstancia se poda levar a cabo ningunha clase de publicidade ou comunicación que non se refira estritamente a aqueles."

Emenda nº35, de Adición. Artigo 28

No punto 1 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . A utilización pola cidadanía do Rexistro Electrónico Xeral será voluntaria e en calquera caso gratuíta."

Emenda nº36, ao apartado 2, de Adición. Artigo 28

Débase engadir *ab initio*, no punto 2 deste artigo, o seguinte texto:

"O Rexistro Electrónico Xeral permitirá a presentación de solicitudes, escritos, consultas, documentos ou comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas do día. Regularase ..."

Emenda nº37, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 31

Débase engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis. En todo caso o Rexistro Electrónico Xeral non realizará nin anotará saídas de escritos ou comunicacións en días inhábiles."

Emenda nº38, de Supresión. Artigo 33



Na primeira liña, débese suprimir a palabra: "... físicas ..."

Emenda nº39, ao apartado 1, de Adición. Artigo 36

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . De forma prioritaria impulsaranse estes acordos coas entidades locais galegas."

Emenda nº40, ao apartado 3.a), de Adición. Artigo 40

Na letra a) do punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... , previa a súa conformidade."

Emenda nº41, ao apartado 3.c), de Adición. Artigo 40

Na letra c) do punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte: "... previa a súa conformidade."

Emenda nº42, ao apartado 3.d), de Adición. Artigo 40

Na letra d) do punto 3 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., previa a súa conformidade."

Emenda nº43, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 41

Débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis). *A lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza* será accesible no portal web institucional da Xunta de Galicia."



Emenda nº44, ao apartado 2, de Adición. Artigo 48

Débese engadir un novo parágrafo no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"O DOG incorporará o Código de Verificación Electrónica, consistente nun conxunto de caracteres que identifican de forma única calquera das disposicións, actos ou anuncios publicados e que deberá estar impreso en todas e cada unha das páxinas, e facilitar o acceso ao documento electrónico orixinal na súa publicación de acordo co establecido no artigo 50 desta lei."

Emenda nº45, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 50

Débese engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis. No portal do DOG será posible acceder á normativa autonómica de xeito actualizado e consolidado, referenciándose as modificacións e cambios introducidos nela."

Emenda nº46, ao apartado 2, de Adición. Artigo 50

No punto 2 deste artigo débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"..., para o que se promoverá o correspondente acordo con cada unha das deputacións provinciais de Galicia, as cales á súa vez poderán facer accesible nas súas correspondentes sedes electrónicas o DOG."

Emenda nº47, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 52

Débese engadir un novo punto 5 bis), que terá o seguinte contido:

"5 bis. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico disporán dos medios necesarios





para garantir unha áxil e permanente actualización da información dispoñible nos seus portais web."

Emenda nº48, de Adición. Artigo 100

Débase engadir un novo parágrafo bis neste artigo, que terá o seguinte contido:

"A designación, cualificación, posición e intervención das persoas delegadas de protección de datos adecuarase ao establecido no Capítulo III do Título V da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais."

Emenda nº49, de Adición. Artigo 100

Débase engadir un novo parágrafo ter), que terá o seguinte contido:

"As distintas consellerías e entidades do sector público autonómico, como responsables do tratamento de datos, deben garantir que a persoa delegada de Protección de Datos participe de forma adecuada e en tempo oportuno en todas as cuestións relativas á protección de datos de carácter persoal e igualmente, deberán facilitarlle os recursos necesarios para o exercicio das funcións de acceso aos datos de carácter persoal e operacións de tratamento."

Emenda nº50, de Adición. Artigo 100

Débase engadir un novo parágrafo quater) que terá o seguinte contido:

"A persoa delegada de Protección de Datos non poderá recibir ningunha instrución das persoas responsables ou encargadas do tratamento de datos de carácter persoal da Xunta de Galicia en canto ao exercicio das súas funcións."



Emenda nº51, de Adición. Artigo 100

Débese engadir un novo parágrafo quintus, que terá o seguinte contido:

"A persoa delegada de Protección de Datos e o seu persoal adscrito estarán obrigados a manter o secreto e a confidencialidade no desempeño das súas funcións."

Emenda nº52, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 118

No punto 2 deste artigo, onde di: "... poderá establecer ...", debe dicir: "... poderá propoñer ao Consello da Xunta de Galicia ..."

Emenda nº53, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 118

Proponse unha nova redacción para o punto 4 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"4. Este órgano, adscrito á consellaría competente en materia de administración pública, contará coa participación na súa composición de todas as consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das entidades do sector público autonómico que estableza o Consello da Xunta de Galicia, como garantía de integración do principio de transversalidade nas actuacións que se podan levar a cabo no ámbito das súas competencias. Na súa composición garantirase a presenza equilibrada de homes e mulleres."

Emenda nº54, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 120

No punto 1 deste artigo, débese substituír a palabra: "... determinar ...", por: "... propoñer ..."



Emenda nº55, ao apartado 1, de Adición. Artigo 120

No punto 1 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... que deberá ser aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia."

Emenda nº56, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 123

Na letra b) do punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . Esta cooperación prestará especial atención á promoción de servizos dixitais nas entidades locais galegas."

Emenda nº57, ao apartado 3, de Adición. Artigo 123

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... garantindo, en todo caso, a suficiente representación das entidades locais e das universidades públicas galegas. Na súa composición garantirase a presenza equilibrada de homes e mulleres."

Emenda nº58, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 125

Débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

"4 bis. A Xunta de Galicia garantirá a cooperación coas entidades locais galegas, mediante o necesario financiamento das infraestruturas, os sistemas e as aplicacións necesarios para favorecer a extensión do uso dos medios dixitais nas súas actividades, para o que se establecerán os convenios ou convocatorias de axudas oportunas."

Emenda nº59, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 126





Débese engadir un novo punto 5 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"5 bis. As entidades que integran o sector público autonómico de Galicia, potenciarán o uso das aplicacións que fosen desenvolvidas por outras entidades públicas."

Emenda nº60, ao apartado 5 ter), de Adición. Artigo 126

Débese engadir, un novo punto 5 ter, que terá o seguinte contido:

"5 ter. As entidades que integran o sector público autonómico de Galicia velarán porque as aplicacións que desenvolvan se baseen en criterios e estándares que faciliten a interoperabilidade e poidan ser reutilizadas por outras entidades do sector público."

Emenda nº61, ao apartado 5 quater), de Adición. Artigo 126

Débese engadir un novo punto 5 quater, que terá o seguinte contido:

"5 quater. As entidades do sector público autonómico de Galicia deben impulsar a creación de bancos de recursos e aplicacións das administracións públicas que poidan ser reutilizados para facilitar o aproveitamento das aplicacións, así como o seu desenvolvemento colaborativo."

Emenda nº62, de Adición. Artigo 126

Débese engadir un novo artigo 126 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 126 bis. Impulso da incorporación de medios electrónicos na relación coas empresas", co seguinte contido: " 1. O sector público autonómico de Galicia deberá usar preferentemente os medios dixitais ou electrónicos nas súas relacións coas empresas no exercicio da súa actividade económica sempre e cando, globalmente, non represente un custo maior para as empresas. Os servizos electrónicos que





preste o sector público autonómico de Galicia dirixidos ás empresas deben ser accesibles na correspondente sede electrónica.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por empresa a entidade que exerce unha actividade económica, independentemente da súa forma xurídica.

3. As entidades que integren o sector público autonómico de Galicia deben impulsar, con carácter xeral, a incorporación de medios electrónicos para axilizar e mellorar a eficacia e eficiencia das súas relacións coas empresas e, especificamente, nas relacións contractuais e de facturación.

4. As entidades que integran o sector público autonómico de Galicia deben impulsar a creación de servizos electrónicos de contratación administrativa, por medio dos cales se fagan efectivos os principios de publicidade e concorrencia, de igualdade e non discriminación, e de transparencia, e se permita poñer ao alcance das entidades restantes que conforman o sector público autonómico de Galicia a integración da información xeral da contratación administrativa galega aos efectos da información, comunicación e difusión coas empresas licitadoras, a transparencia ante a cidadanía e a axilización na tramitación dos correspondentes expedientes administrativos.

5. A Xunta de Galicia poderá establecer convenios e promover axudas co obxecto de colaborar coas empresas na promoción entre estas dos seus medios dixitais."

Emenda nº63, ao apartado 1, de Adición. Artigo 128

No punto 1 deste artigo, débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Os indicadores da administración dixital deberán de ter en conta e ser integrables na estrutura de indicadores definidos polo órgano técnico para a cooperación da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas e das entidades que integran a Administración local en materia de administración electrónica."

Emenda nº64, ao apartado 3, de Adición. Artigo 129



No punto 3 deste artigo, débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Na súa composición garantírase a representación da Administración local galega, da Administración xeral do Estado, do Sistema universitario de Galicia organizacións sindicais, empresariais dos colexios profesionais, así como dos consumidores e usuarios. Garantírase unha composición equilibrada entre mulleres e homes."

Emenda nº65, de Modificación. Disposición adicional primeira

Nesta disposición adicional onde di: "... da entidade do sector público autonómico con competencias en materia de desenvolvemento dixital.", Debe dicir: "... da consellaría con competencias en materia de administracións públicas."

Emenda nº66, ao apartado 2, de Adición. Disposición adicional segunda

No punto 2 desta disposición adicional, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... e mediante a correspondente negociación colectiva."

Emenda nº67, de Adición. Disposición adicional quinta

Débese engadir unha nova disposición adicional quinta bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional quinta bis. Protección e supervisión dos dereitos da cidadanía.

Compete ao Valedor do Pobo, como Comisionado de Transparencia de acordo co establecido no artigo 32 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, velar pola efectividade dos dereitos recoñecidos á cidadanía en materia de utilización de medios dixitais coa Administración autonómica galega, para o cal poderá requirir da Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico tanta información ou documentación precise."



Emenda nº68, de Adición. Disposición adicional quinta

Débese engadir unha nova disposición adicional quinta ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional quinta ter. Adscripción da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) adscríbese á consellaría competente en materia de administracións públicas, para o que se deberán de realizar as necesarias adaptacións estatutarias e as dos mandatos de xestión."

Emenda nº69, de Adición. Disposición adicional quinta

Débese engadir unha nova disposición adicional quinta quater, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional quinta quater. Garantía de medios suficientes nas oficinas de atención á cidadanía e rexistros.

"Para os efectos do cumprimento do establecido no artigo 34.4 desta lei, pola consellaría competente en materia de administración pública, no prazo máximo de tres meses, aprobarase e publicarase un plan para garantir a suficiencia de medios humanos e materiais das oficinas de atención á cidadanía e rexistros, valorando as necesidades existentes e as previsións temporais e orzamentarias precisas."

Emenda nº70, de Adición. Disposición transitoria primeira

Débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . En todo caso a aprobación do desenvolvemento regulamentario do Sistema Único de Rexistro deberase realizar no prazo máximo de seis meses."

Emenda nº71, de Adición. Disposición derradeira cuarta



Débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"... así como remitir ao Parlamento de Galicia un informe ao respecto para o seu debido coñecemento."

Emenda nº72, ao apartado IX, de Adición. Exposición de motivos

No segundo parágrafo da epígrafe IX, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . Este texto preliminar contempla o necesario catálogo de dereitos da cidadanía nas súas relacións dixitais co sector público autonómico de Galicia, e garanta unha referencia específica en garantía da inclusión dixital das persoas con discapacidade intelectual."

Emenda nº73, ao apartado V, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final da epígrafe V, o seguinte texto:

"Pero neste novo escenario lexislativo e tecnolóxico, o obxectivo de acadar unha Administración Pública en Galicia avanzada en termos dixitais non pode esquecer a intensa relación administrativa da cidadanía galega coa súa administración máis próxima, o seu concello. Por iso, e dentro do marco de competencias que a Comunidade Autónoma ten en materia de Administración local, esta lei debe de apostar de forma decidida por habilitar os necesarios mecanismos de cooperación, fomento e financiamento para que a xestión, non excluínate, de servizos públicos dixitais sexa tamén accesible nas distintas entidades que integran a Administración local de Galicia, coa necesaria colaboración das deputacións provinciais.

Os plans de investimento autonómico para que a cobertura de banda larga e as novas tecnoloxías 5G teñan un suficiente grao de extensión no conxunto da poboación galega, constitúen un requirimento básico para unha prestación de servizos públicos dixitais en igualdade de oportunidades. Non asumir este reto, suporía seguir afondando na fenda tecnolóxica que actualmente presenta o noso territorio."



Emenda nº74, ao apartado VII, de Adición. Exposición de motivos

Na epígrafe VII, débese engadir *in fine* no primeiro parágrafo a seguinte frase:

"... promovendo o uso de estándares abertos."

Emenda nº75, ao apartado IX, de Adición. Exposición de motivos

No segundo parágrafo da epígrafe IX, débese engadir despois de: "... do procedemento administrativo común das administracións públicas. ...", o seguinte texto:

"... . En todo caso, no que se refire ao colectivo das persoas traballadoras autónomas, a Lei prevé a súa aplicación obrigatoria de forma progresiva en función das capacidades do sector e co necesario apoio por parte da Xunta de Galicia. No que atinxe ao estudantado universitario, deberase de coordinar esta obriga coas universidades que integran o Sistema universitario de Galicia."

Emenda nº76, ao apartado IX, de Adición. Exposición de motivos

No antepenultimo parágrafo da epígrafe IX, que empeza por: No capítulo, IV, ante a necesidade de ter un maior control ata: "... sector público autonómico." débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Na regulación dos órganos de coordinación e cooperación previstos no título VII fanse as necesarias previsións para garantir unha presenza equilibrada de homes e mulleres. Inclúense tamén neste título medidas de impulso para a incorporación de medios electrónicos na relación da Administración coas empresas, especialmente coas pemes."





Emenda nº77, ao apartado IX, de Adición. Exposición de motivos

No último parágrafo despois de: "... Archivo electrónico administrativo con esta normativa. ...", débese engadir; "En garantía dos dereitos, tamén dixitais, da cidadanía, encoméndase ao Valedor do Pobo, coma Comisionado de Transparencia previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a facultade de velar pola efectividade dos dereitos recoñecidos por esta lei en materia de utilización de medios dixitais no sector público autonómico de Galicia ..."

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2019
13:56:43**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE
GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000014).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo artigo 5 bis que terá o seguinte contido:

“Artigo 5 bis. Cooperación na prestación dos servizos públicos dixitais

Coa finalidade de mellorar a atención á cidadanía e simplificar a súa relación coa administración pública, promoverase a identificación e deseño de servizos dixitais que inclúan as actuacións coordinadas e complementarias coas restantes administracións do territorio, potenciando a mellora na atención na cidadanía mediante o uso de ferramentas e medios electrónicos que soporten esa coordinación entre administracións”.

Emenda nº2, ao apartado 2, de Adición. Artigo 11

Débese engadir 'in fine' o seguinte inciso:

"ou exclusión social”.

Emenda nº3, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir a aliña b).

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 56

Débese substituír o texto actual do artigo polo seguinte:





"Artigo 56. Guías de políticas web corporativas

1. Coa finalidade de garantir uns criterios comúns que permitan artellar unha presenza na internet ordenada, cunha imaxe coherente e recoñecible pola cidadanía, e con información e servizos de calidade, elaboraranse guías en materia de deseño e creación dos elementos que compoñen a rede integrada da presenza na internet, garantindo, entre outros, a seguridade, o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, a reutilización de recursos. Estas guías denominaranse guías de políticas web corporativas.

2. As entidades do sector público autonómico deberán atender ás previsións das devanditas guías na posta en marcha e permanente actualización dos portais, canles sociais e participativas, aplicacións móbiles ou outros elementos susceptibles de poder formar parte da rede.

3. Deberá velarse pola permanente actualización das guías e pola súa adecuación á normativa vixente na materia prevista nelas, e deberán estar publicadas e accesibles para todos os órganos do sector público autonómico.

4.- Incluiranse nas guías de políticas web corporativas os mecanismos de revisión periódica dos elementos que compoñen o catálogo da rede integrada da presenza na internet, coa finalidade de garantir o cumprimento continuado das guías".

Emenda nº5, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 67

Débase modificar a letra d) do apartado 1 do artigo 67, no seguinte senso:

Onde di: " ... d) A definición de procedementos que permitan a interacción e coordinación entre diferentes órganos en aras da simplificación e redución de cargas administrativas a cidadanía".

Debe dicir: " ... d) A definición de procedementos que permitan a interacción e coordinación entre diferentes órganos, ou coas restantes administracións públicas galegas, en aras da simplificación e redución de cargas administrativas a cidadanía".



Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición. Artigo 67

Débense engadir uns novos subapartados h) e i) ao apartado 1 do artigo 67 que terán o seguinte contido:

“h) A identificación dos datos ou certificados que se xeren no procedemento e servizo e que se deban incluír no catálogo de servizos de interoperabilidade regulado no artigo 77.

i) A identificación da información de carácter público que deba ser incorporada no catálogo de información reutilizable en formato datos abertos, en consonancia co Capítulo III da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno”.

Emenda nº7, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 71

Débese substituír a actual redacción do apartado 4, que quedará redactado do seguinte xeito:

"4. Naquelas actuacións que realizadas por medios electrónicos afecten a información clasificada, a seguridade pública o a defensa nacional o a outras actuacións nas que legalmente estea xustificado o anonimato para a súa realización, regulamentariamente poderá habilitarse para determinados colectivos de persoal empregado público do sector público autonómico o uso de certificados electrónicos con pseudónimo debendo referirse en todo caso ao número de identificación profesional de empregado público que permitirá a súa identificación para os casos nos que fose necesario”.

Emenda nº8, ao apartado 2, de Adición. Artigo 75

Débese engadir un novo apartado 2 bis que terá o seguinte contido:

“2 bis. No caso de prestación de servizos a cidadanía que impliquen a actuación coordinada e complementaria de diversas administracións no territorio, estableceranse os





mecanismos de incorporación ao rexistro do correspondente persoal funcionario das restantes administracións públicas galegas”.

Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 91

Débase modificar o apartado 1 do artigo 91, no seguinte senso:

Onde di: “1. A política de seguridade da información de aplicación xeral no sector público autonómico será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo da obriga da aprobación de políticas concretas en cumprimento do artigo 11 do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que deberán respectar en todo caso o disposto na aprobada polo Consello da Xunta de Galicia”.

Debe dicir: " 1. A política de seguridade da información de aplicación xeral no sector público autonómico será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo da posibilidade da aprobación de políticas concretas en cumprimento do artigo 11 do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que deberán respectar en todo caso o disposto na aprobada polo Consello da Xunta de Galicia”.

Emenda nº10, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 108

Débase suprimir o apartado 3.

Emenda nº11, de Adición. Artigo 110

Débase engadir un novo artigo 110 bis que terá o seguinte contido:

"Artigo 110 bis. Capacitación dixital noutras administracións públicas galegas

1. As restantes administracións públicas galegas deberán promover plans de capacitación dixital dos seus empregados públicos.





2. Estableceráanse os mecanismos de colaboración que permitan facer extensivas actuacións do sector público autonómico nesta materia ás restantes administracións públicas galegas."

Emenda nº12, ao apartado 3, de Adición. Disposición adicional terceira

Débase engadir un novo apartado a esta Disposición adicional, que terá o seguinte contido:

"3. Na posta en marcha de servizos ou procedementos dixitais, e para promover o uso igualitario dos medios dixitais, poderá impulsarse o desenvolvemento de plans de acompañamento orientados aos colectivos implicados, coa finalidade de promover a capacidade de acceso e utilización dos servizos. Estes plans poderán desenvolverse en colaboración con outros axentes."

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/05/2019 14:00:47

Pedro Puy Fraga na data 24/05/2019 14:01:03



A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei** pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

ANTECEDENTES

- Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia
- Real Decreto 228/1985, de 6 de febreiro, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de casinos, xogos e apostas.
- Decreto 166/1986, do 4 de xuño, de catálogos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A legalización da apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de





precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

De feito, a actual normativa do xogo en Galicia, supón una norma en branco que ao non contemplar a nova realidade, resulta totalmente laxa con esas novas formas de xogos e apostas vulnerando en moitos casos tratados internacionais como aqueles que protexen as e os menores.

Por iso, faise necesaria unha actualización da normativa, para que contemple a realidade actual e impida a proliferación destas actividades, tomando como exemplo políticas públicas como as que se levaron a cabo respecto ao control da industria tabacaleira. Neste sentido, a presente modificación legislativa, pretende dar resposta a esa realidade incorporando mecanismos de control e prevención.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición de Lei de modificación da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Artigo único: Modifícase a Lei 14/1985 reguladora dos xogos e apostas en Galicia:

Modifícase a exposición de motivos, suprimindo o primeiro parágrafo da mesma, polo seguintes texto:

A presente Lei recolle a labor reguladora da Administración en relación ao ámbito dos xogos e apostas, co compromiso na defensa do orde público, a saúde pública e a protección dos dereitos e seguridade dos consumidores pero





principalmente de colectivos máis vulnerables como as persoas menores de idade ou as persoas con ludomanía así como a prevención da propia adición.

b). Elimínase do penúltimo parágrafo a seguinte frase: “permítese a introdución de outros de nova implantación”.

c). Elimínase do último parágrafo a frase a partir de “e permite a súa aplicación inmediata...”

Modifícase o artigo 2 engadindo un artigo 2bis co seguinte contido:

As actuacións en materia de xogos e apostas deberán rexerse polos seguintes principios, dos que a Administración será a máxima garante no seu cumprimento:

- Prohibición do fomento do hábito do xogo.
- Protección das persoas menores de idade e daquelas outras persoas que teñan reducidas as súas capacidades intelectuais e cognitivas, ou se atopen incapacitadas legal ou xudicialmente, impedindo o seu acceso á práctica e aos establecementos en calquera das súas modalidades.
- Posibilidade de intervención e control por parte da Administración.
- Fomento dunha política integral de responsabilidade social con accións preventivas, sensibilización e reparación dos efectos negativos producidos.
- Colaboración no cumprimento da lexislación en materia de prevención e branqueo de capitais.

O apartado c) do artigo 3 quedará redactado da seguinte forma:

c) Os casinos, bingos, casas de apostas e demais locais nos que se leven a cabo as actividades enumeradas nos apartados precedentes.

O artigo 4 quedará redactado no seguintes sentido:





As persoas menores de idade e demais persoas que sendo maiores, non se atopen en pleno uso da súa capacidade de obrar, estaralles prohibida a práctica dos xogos obxecto de regulación da presente Lei, o uso de máquinas con premio e a participación e apostas, así como a entrada aos locais dedicados a ditas actividades ou outros locais nos que sexa accesible a práctica de xogos e apostas contemplados nesta Lei.

Estableceranse regulamentariamente, todos os mecanismos de control sobre o acceso que sexan necesarios para o cumprimento do establecido no presente artigo. Sendo de obrigado cumprimento, en todo caso, a solicitude de documento de identidade así como un Rexistro de Excluídos de Acceso aos xogos e apostas en Galicia.

Modifícase o apartado dous do artigo 5 polo seguinte texto:

Queda expresamente prohibida todo tipo de publicidade, promoción, patrocinio e calquera outra forma de comunicación comercial relacionada coas actividades dos xogos, apostas e outras actividades comprendidas nesta Lei.

As disposicións desta Lei son aplicables á publicidade online, ás axencias de publicidade, axencias de medios e aos medios de comunicación que difunda a publicidade sobre o xogo ou os locais onde se desenvolva a mesma, cando se atopen comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei.

As disposicións sobre a publicidade ilícita, contidas na lexislación xeral sobre publicidade, serán aplicables á publicidade arriba mencionada así como ás empresas e establecementos autorizados.

Engádesse no artigo 6 dous novos apartados:

- h) Xogo online que se comprenda no ámbito de artigo 2 da Lei.
- i) Todos aqueles outros que estean comprendidos no ámbito desta Lei.



Modifícase o artigo 7.2 do seguinte xeito:

Todas as autorizacións terán unha duración determinada cuxos prazos e condicións serán determinados regulamentariamente.

Engadese dous novos apartados ao artigo 7 co seguinte texto:

7. Extinción e revogación das autorizacións.

As autorizacións poderán extinguirse nos seguintes casos:

- Renuncia expresa das persoas interesadas.
- Transcurso do tempo polo que foron concedidas, sen perxuízo das renovacións ás que tivese lugar.
- Falecemento ou extinción da personalidade xurídica sen perxuízo das transmisións as que puidera ter lugar.

Poderá acordarse a revogación da autorización, previa audiencia das persoas interesadas por algunha das seguintes causas:

- Incumprir algún dos requisitos esixidos pola normativa para a concesión da autorización ou as condicións ás que estivese subordinada.
- Cesar na actividade obxecto de autorización nos termos que se establezan regulamentariamente.
- Faltar ao cumprimento dos requisitos sinalados nesta Lei.
- En virtude do correspondente procedemento administrativo sancionador, ou cando o determine unha sentenza xudicial.

Por calquera outra circunstancia que se determine regulamentariamente.

8. Os requisitos xerais para os titulares das autorizacións serán os seguintes:



1. En ningún caso, poderán ser titulares das autorizacións para a organización e explotación dos xogos e apostas regulados por esta Lei, as persoas físicas ou xurídicas en cuxo capital participen persoas que se atopen en algunha das seguintes circunstancias.
 - Ter sido condenadas mediante sentenza firme dentro dos cinco anos anteriores á data da solicitude da autorización, por delito contra a saúde pública, de falsidade, de asociación ilícita, de contrabando, contra o patrimonio e contra o orde socioeconómico, contra a Administración Pública o a Facenda pública e a Seguridade Social, así como por calquera infracción penal derivada da xestión ou explotación dos xogos e apostas.
 - Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou da Seguridade Social, derivadas de actividades económicas en materia de xogos e apostas.
 - Ter sido sancionada a persoa física, xurídica ou os seus socios e socias, persoas con posto directivo ou de administración, mediante resolución administrativa firme por dúas ou máis infraccións graves nos últimos catro anos, por incumprimento da normativa estatal ou autonómica do xogos e apostas.
 - Ter solicitado declaración de concurso voluntario, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou inhabilitadas conforme a normativa aplicable en materia concursal, sen que se teña concluído o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - Incurrir en algún dos supostos establecidos no réxime de incompatibilidades do empregado público estatal e autonómica nos termos establecidos nas mesmas.
 - Aquelas outras circunstancias que se establezan regulamentariamente.

A xustificación de non incurrir nas circunstancias anteriores poderá realizarse mediante testemuña xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos





de acordo co establecido na normativa vixente en relación ao uso das técnicas electrónicas, informáticas, telemáticas ou de certificación administrativa. Cando ditos documentos no poidan ser expedidos pola autoridade competente, poderán ser substituídos por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notaría ou persoa con fe pública.

O incumprimento dos requisitos mencionados con posterioridade á autorización, levará aparellada a perda desta, que non poderá solicitarse nun período de cinco anos.

Engádesse un novo artigo 7.bis

En todo caso, non poderá autorizarse a instalación, apertura e funcionamento de salóns de xogo ou locais específicos de apostas situados nun radio inferior a un quilómetro de centros educativos, culturais, centros de ocio infantil e xuvenil, centros sanitarios u asociativos de loita contra a ludomanía, outros locais de xogo, casinos, salas de bingo ou locais específicos de apostas, medidos dende calquera das portas de acceso das que se pretenda instalar.

Suprímense os dous últimos puntos do artigo 8.

Engádesse un apartado bis no artigo 10.

Enténdese por locais específicos de apostas, aqueles establecementos abertos ao público que, baixo as condicións regulamentarias establecidas, teñan sido autorizados para a formalización de apostas.

Modifícase o artigo 11 co seguintes texto:

Nos bares, cafeterías, establecementos de hostaleira e análogos non se poderán instalar máquinas de xogos e apostas a partir da entrada en vigor desta Lei.

Para as xa instaladas, será necesario que implante un mecanismo que permita o control de acceso ás mesmas, e que estará fixado regulamentariamente. En





ningún caso estarán fisicamente accesibles para as persoas as que se refire o artigo catro desta Lei.

Engádesse dous novos apartado ao artigo 26.1:

e) Unha persoa representante por cada unha das organizacións de loita contra a ludomanía presentes en Galicia.

f) Unha persoa representante por cada unha das Organizacións Sindicais con representación no sector.

Modifícase o apartado e) do artigo 28 polo seguinte xeito:

O incumprimento do establecido no artigo 4.

Modifícase o apartado b) do artigo 29 polo seguinte texto:

Calquera incumprimento do establecido en materia de publicidade.

Engádesse un novo apartado no artigo 29:

k) O incumprimento do establecido na disposición adicional quinta.

Engádesse un novo apartado ao artigo 32:

5. A autoridade sancionadora ordenará o comiso das apostas percibidas e dos beneficios ilícitos obtidos, cuxo importe deberá destinarse integramente a campañas e accións formativas de prevención dirixidas á sensibilización respecto aos efectos da práctica do xogo, que serán realizadas por persoas especialistas na material.

Engádense as seguintes disposicións adicionais:

Quinta: Queda prohibida a venta de bebidas alcohólicas en salóns de xogos e casas de apostas.





Sexta: En materia de loterías, ONCE e apostas do Estado estarase ao previsto na Lei 13/2011 de Regulación do Xogo.

Engádense dúas novas disposicións transitorias:

Sétima: Establecerase un tempo de adaptación de seis meses dende a entrada en vigor da Lei.

Octava: As licencias outorgadas antes da entrada en vigor da Lei, deberán ser revisadas de xeito progresivo, comezando polas máis antigas ata as máis novas, para verificar o cumprimento dos requisitos recollidos nas presente norma.

Engádense unha disposición derogatoria:

Coa entrada en vigor da presente Lei, queda derogada a Lei 6/2014 pola que se modifica a Lei 14/1985, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/06/2019 17:29:07

Luis Villares Naveira na data 03/06/2019 17:29:20



A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

No 2017 a Consellería de Sanidade elaborou o Plan de Prevención do Suicidio, dando así cumprimento a unha necesidade manifestada na Revisión do Plan de Prioridades Sanitarias 2014 e na estratexia SERGAS 2020, e tamén ao compromiso adquirido en sede Parlamentaria o 21 de marzo d ese mesmo ano de ter elaborado o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia.

O Plan de prevención do suicidio de Galicia nace cun dobre obxectivo, o de reducir a taxa de suicidio e o de establecer mecanismos de coordinación para posibilitar que diferentes organismos poidan sumar esforzos para traballar conxuntamente na prevención, manexo, intervención e acompañamento das persoas que levan a cabo un intento de suicidio, así como dos seus familiares.

Con este documento quérese priorizar a prevención do suicidio na axenda da atención á saúde mental, e tamén concienciar que o suicidio é un problema global que vai mais ala da atención no ámbito sanitario, sendo necesario implementar outras medidas en ámbitos tan importantes como o educativo e o social.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o seguimento e resultados desde a posta en marcha do Plan de Prevención do Suicidio en Galicia?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/06/2019 13:24:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/06/2019 13:28:14

María Ángeles Garcia Míguez na data 03/06/2019 13:29:01

Marta Rodriguez Arias na data 03/06/2019 13:29:35

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/06/2019 13:30:39

María Soraya Salorio Porral na data 03/06/2019 13:31:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/06/2019 13:31:31

Raquel Arias Rodríguez na data 03/06/2019 13:32:11

Sandra Vázquez Dominguez na data 03/06/2019 13:32:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 1.^a**.

O Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero vén de advertir que nos xulgados galegos denunciáronse 6.537 casos de violencia contra a muller ao longo do ano 2018, 101 máis que no ano 2017. Produciuse un aumento do 1,6% destas denuncias.

No que atinxe especificamente á violencia sexual, Galicia rexistrou 540 delitos durante o ano 2018, un 17,6% máis que o ano anterior, segundo afirma o Ministerio do Interior. O 84% das vítimas foron mulleres.

Así, comprobamos que a violencia machista continúa sendo unha realidade cotiá para centos de mulleres galegas, polo que cómpre que, dende as institucións, se adopten medidas contundentes para loitar contra ela.

O programa da Secretaria Xeral de Institucións Penitenciarias “Violencia de xénero: Programa de Intervención para Agresores” semella que está sendo unha boa medida. Trátase dun programa destinado “a internos que cometeron delitos de violencia de xénero no ámbito familiar, é dicir, contra as súas parellas e ex parellas”, segundo podemos ler na páxina web do Ministerio do Interior. O programa ten por obxecto “diminuír a probabilidade de reincidencia en actos de violencia de xénero por parte de persoas condenadas por delitos relacionados”. “A intervención é de tipo psicoterapéutico é educativo” e baséase na:



- Toma de conciencia e modificación de pensamentos, actitudes e crenzas de tipo sexista, que xustifican a igualdade de xénero.
- Identificación das distintas formas nas que se exerce a violencia de xénero.
- Asunción de responsabilidade, eliminando estratexias defensivas ou xustificadas dos feitos violentos.
- Desenvolvemento da empatía cara as vítimas dos malos tratos.
- Especial énfase nos fillos como vítimas directas da violencia de xénero, recoñecendo formas de abuso e instrumentalización.

O informe titulado “Reincidencia de los agresores de pareja en Penas y Medidas Alternativas”, elaborado recentemente polo Instituto de Ciencias Forenses e da Seguridade da Universidade Autónoma de Madrid, expón entre as súas conclusións que un ano despois de ter realizado a intervención e o tratamento terapéutico do programa da Secretaria Xeral de Institucións Penitenciarias, un 95,4% dos participantes non volvera ter unha denuncia policial por unha cuestión de violencia machista. Cinco anos despois, o 93,2% dos participantes continuaba sen denuncias deste tipo. Pódese considerar, polo tanto, que o programa parece eficaz.

Na páxina web do Ministerio do Interior indícase que o programa está implantado “na maioría dos establecementos penitenciarios”. Tendo en conta o seu éxito, debería estenderse a todos eles e facer un seguimento anual dos seus resultados centro a centro, e incluso recluso a recluso.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:





- Os centros penitenciarios galegos están aplicando o programa de intervención para agresores machistas da Secretaria Xeral de Institucións Penitenciarias?
- Con que resultados?
- Que tipo de seguimento se está facendo dos reclusos que participaron no programa?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/05/2019 12:31:58

Marcos Cal Ogando na data 28/05/2019 12:32:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.ª**

A Enquisa de Fecundidade do Instituto Nacional de Estatística alertou fai pouco de que Galicia é o territorio do Estado coa porcentaxe máis pequena de mulleres menores de 30 anos que deciden ter fillos, o 6,5%, case a metade da media de España.

Os motivos que as mulleres galegas aducen para non ter fillos ata pasada a trintena son os seguintes:

- Por problemas de índole laboral, como falta de cartos ou problemas de conciliación (23%).
- Porque non queren ser nais (16%).
- Porque son demasiado novas (21%).

Os motivos que as mulleres galegas apuntan para ter menos fillos dos desexados son semellantes:

- Por razóns económicas (21%).
- Por problemas de conciliación (27%)

Así mesmo, o 41% das galegas informa de que formou unha familia máis tarde do desexado por razóns económicas e de conciliación.





No rural, hai aínda menos mulleres que decidan ter fillos, en gran medida porque moitas delas prefiren trasladarse a zonas máis urbanas antes de formar unha familia.

Segundo o estudo “Caracterizacións das migracións do rural galego”, escrito por Rocío Toxo Asorei e Ana Isabel García-Arias, o 88% das mulleres entre 25 e 29 anos que residen en zonas con escasa densidade poboacional deciden emigrar cara espazos máis urbanos, fronte ao 64% dos homes. Fano, sobre todo, para ter un mellor acceso aos servizos públicos, como os colexios e os hospitais.

Así, os datos demostran que, en contra do que leva tempo defendendo o Partido Popular, esta non é a lexislatura do rural. Non o pode ser mentres non se teña en conta ás mulleres que o habitan.

Ao expulsar ás mulleres do rural, a Xunta de Galicia contribúe a baleirar aínda máis o noso territorio.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados asinantes presentan as seguinte preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7.^a:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia da migración das mulleres no rural?
- Por que pensa que abandonan as zonas escasamente poboadas?
- Que vai facer ao respecto?
- Vai garantir un mellor acceso aos servizos públicos no rural?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.





Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/05/2019 12:41:59

Antón Sánchez García na data 28/05/2019 12:42:08

David Rodríguez Estévez na data 28/05/2019 12:42:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Flora Miranda Pena, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 8.^a**

A toniña –que é o cetáceo de menor tamaño do Hemisferio Norte– afronta o risco de desaparecer das costas galegas, razón pola cal está recollida como especie vulnerable no Catálogo de Especies Ameazadas regulado polo Decreto 88/2007. Porén, semella que a Xunta de Galicia iso non lle importa demasiado. Cada ano, a toniña está máis preto da extinción e Goberno galego non fai nada para remedialo.

Segundo unha tese doutoral que vén de ser defendida na Universidade de Aveiro, “Galicia parece ser unha das zonas clave na Península Ibérica, xunto probablemente co Golfo de Cádiz” para a continuidade da especie, xa que conta con “catro localizacións cunha particular presenza de toniñas”, a saber: Punta Candieira, en Cedeira; os cabos de Vilán, en Camariñas, e Touriñán, en Muxía; Punta dos Remedios, en Lira; e Faro de Corrubedo.

O estudo analizou, entre outras cuestións, os datos de exemplares varados que foron recollidos entre 1990 e 2013 pola Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) en Galicia e do 2000 ao 2013 pola Sociedade Portuguesa de Vida Salvagem. Contabilizou un total de 424 toniñas varadas. No 33,4% das toniñas observáronse signos de captura accidental, que, segundo a tese, é “unha das principais ameazas para os pequenos cetáceos, especialmente





toniñas, e é preocupante nunha zona de gran presión pesqueira como a noroccidental peninsular”.

Ademais da captura accidental, as toniñas sofren outros impactos prexudiciais relacionados coa actividade humana. Segundo unha investigación elaborada polo Bottlenose Dolphin Research Institute (BDRI) do Grove, o tráfico mariño de embarcacións afecta negativamente á supervivencia do cetáceo, algo que explica, en parte, a diminución do seu número nas costas galegas.

Así as cousas, a Comisión Baleeira Internacional e o Consello Internacional para a Exploración do Mar solicitan que se leven a cabo estudos –coordinados entre Galicia e Portugal– que permitan coñecer a estrutura poboacional da toniña co obxecto de protexer á especie.

Por todo o exposto as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8.^a

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos riscos que afrontan as toniñas nas augas galegas?
- Que está facendo a Xunta para garantir a continuidade das toniñas?
- Que pensa facer no futuro?
- O Goberno galego estase coordinando co Goberno portugués para adoptar medidas ao respecto?
- Pensa facelo de aquí en diante?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.





Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/05/2019 13:18:05

Flora María Miranda Pena na data 28/05/2019 13:18:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O dereito á vivenda afronta unha nova ameaza no territorio galego: a burbulla do aluguer. Arrendar un piso é cada día máis caro e esixe maiores sacrificios, especialmente nas sete cidades e nas vilas intermedias do eixo atlántico

Levamos anos vendo como esta tendencia a alza mantense, mentres que a capacidade adquisitiva das traballadoras foi diminuindo nos últimos anos.

As razóns desta subida dos prezos son múltiples, entre elas atopamos a diminución do número de inmobles destinados a arrendamento ordinario, xa que cada vez son máis os propietarios e propietarias que prefiren alugar as vivendas só a turistas a través de plataformas como Airbnb.

Como resultado do aumento dos prezos, as familias galegas cada vez teñen que dedicar unha maior porcentaxe dos seus ingresos a pagar o aluguer. O 36% dedica entre o 10% e o 20% do que gaña, pero é que o 25% dedica máis do 30%.

A situación é moi delicada para o conxunto da cidadanía, pero moi en particular para a mocidade, que foi a gran prexudicada durante a crise e continúa sendo agora.





Se queremos que a mocidade faga a súa vida na nosa terra, temos que mudar isto, prestándolle a axuda que precisa para que poida desenvolver os seus proxectos de futuro. E iso pasa, necesariamente, por facerlle accesible a vivenda.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocou outros anos axudas á mocidade para o aluguer de vivenda habitual e permanente, a pesar de que estas son insuficientes, dan resposta ás necesidades de algunha xente nova.

A mocidade precisa que estas axudas aumenten e se axusten á realidade que viven.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Vai convocar este ano a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda axudas para a mocidade para o alugueiro de vivenda habitual e permanente? En que datas?
- Canto orzamento vai adicar a estas axudas? Van incrementalas para que estas sexan efectivas para o conxunto da mocidade?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/05/2019 14:18:16

Marcos Cal Ogando na data 28/05/2019 14:18:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto o artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Unha investigación publicada na revista académica *Gaceta Sanitaria*, titulada “Salud mental en España y diferencias por sexo y por comunidades autónomas”, vén de alertar de que Galicia é a comunidade do Estado na que máis tranquilizantes se prescriben e se consumen.

Segundo o artigo, en España prescribíense tranquilizantes ao 9,2% da poboación; en Galicia, prescribíense ao 20,1% da cidadanía. As mulleres son as que, con diferenza, máis consumen este tipo de psicofármacos. O 26% delas consume tranquilizantes, fronte ao 12,6% dos homes.

No caso dos antidepressivos, Galicia é a segunda comunidade que máis consume, só por detrás de Asturias. O 15% das mulleres galegas consume antidepressivos. No caso dos homes, a porcentaxe descende ata o 6,9%. A media global do Estado é do 3,6%.

Galicia está tamén á cabeza da mala saúde autopercibida. O 40% dos homes percíbense con mala saúde, porcentaxe que se incrementa ata o 50,3% no caso das mulleres. A media do Estado é do 33,6%.

Temos boas razóns para pensar que gran parte do consumo de psicofármacos se debe ao estrés xerado pola precariedade das condicións laborais. O emprego xa





non garante nin tan sequera deixar atrás a pobreza; moito menos que se poida construír un proxecto de vida a medio e longo prazo. A inseguridade que isto provoca está enfermado aos traballadores, causándolles estrés e facendo crónica a súa ansiedade.

Por esta razón, o ano pasado o Grupo Parlamentario Confederado de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea presentou unha iniciativa no Congreso para que, entre outras cousas, se modificara o cadro de enfermidades profesionais recoñecidas pola Seguridade Social e se engadira ao mesmo as enfermidades profesionais ligadas ao estrés e ao acoso laboral.

A iniciativa estatal, que foi aprobada, é necesaria, pero non suficiente. Dende as administracións autonómicas tamén se deben adoptar medidas para acabar co estrés patolóxico e a ansiedade que provoca o traballo precario.

A Xunta de Galicia debe adoptar con urxencia medidas contundentes para identificar o grado de estrés ao que están sometidos os traballadores e traballadoras da nosa comunidade, e loitar contra el.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- En opinión do Goberno da Xunta, que relación existe entre a precariedade laboral e o número de traballadores que sofren estrés e ansiedade?
- Pensa que o estrés e ansiedade que teñen a súa orixe no traballo deberían considerarse enfermidades laborais?





- Que está a facer o Goberno para identificar o grado de estrés e ansiedade que padecen os traballadores e traballadoras en Galicia? E para loitar contra ese estrés e ansiedade?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 28/05/2019 13:59:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

A pasada lexislatura, Unidas Podemos negociou a favor de que o Goberno do Estado permitira aos concellos limitar as subidas do aluguer, pero o partido Socialista decidiu non asumir a medida.

Agora é a Francia de Emmanuel Macron –político nada sospeitoso de ser un comunista antisistema– a que vai apostar por poñerlle un teito aos arrendamentos. As cidades que o desexen, poderán limitar as subidas do aluguer a un 20% sobre o prezo medio da zona. Ademais, os concellos terán competencias para sancionar aos propietarios que incumpran a lei con ata 15.000 euros de multa.

A medida non é nova. No ano 2015 aprobouse a Lei Alur, que regulaba os prezos do aluguer. A regulación establecía un prezo de referencia anual para o metro cadrado que o propietario non podía superar por enriba dun 20% nin reducir por debaixo dun 30%. En dous anos de aplicación da lei, os prezos moderáronse ata o punto de subir menos que a inflación.

España e, dende logo, Galicia, necesitan que o Estado aprobe unha lei semellante con urxencia. Dende o ano 2016, o importe mensual dos contratos creceu máis dun 31% na Coruña, máis dun 27% en Vigo, máis dun 15% en Santiago e máis dun 21% en Pontevedra, dificultando o acceso de moita xente a unha vivenda, xa que non pode nin pagar unha hipoteca nin arrendar un piso en condicións.

A situación da vivenda en Galicia é insostible e cómpre que a Xunta de Galicia, o Goberno do Estado e os Concellos do país se coordinen para acadar unha solución inmediata; solución que, sen ningunha dúbida, pasará pola limitación do prezo dos alugueres.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.





- Que lle parece ao Goberno da Xunta a medida que vai adoptar o Goberno francés para limitar o prezo dos alugueres?
- Pensa que unha medida semellante podería ser de interese social en Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 28/05/2019 16:51:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Folgas por falta de actualización dos convenios, presuntas prevaricacións no concurso e deficiencias estruturais tanto en material como en persoal, afectan a un servizo de transporte sanitario, que tamén no ámbito aéreo, vese afectado por múltiples irregularidades.

Foron moitas as iniciativas, propostas e advertencias feitas ao Goberno nesta materia, dende a proposta de xestión directa ata o desenvolvemento duns pregos de contratación axeitados que permitan cubrir o servizo coa máxima calidade.

Este ano asistimos a varias promesas por parte de Conselleiro de Sanidade en relación a este asunto e a mellora das súas condicións, con todo, na publicación dos pregos pódese comprobar como se sigue a reducir persoal e primar os criterios económicos pese a ter demostrado que a pesar de ser legal, non soluciona as necesidades e non aporta calidade ao servizo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:



- Por que reducen persoal para as ambulancias de Foz, Monforte e Salnés?
- Considera o Goberno que este recorte permite dar a mesma calidade asistencial ás persoas destas zonas?
- Pese aos antecedentes sobre as consecuencias que ten primar os criterios económicos sobre os asistenciais, cal é o motivo de seguir a empregar o mesmo modelo de contratación?
- Como pensan poñer solución aos conflitos que existen agora mesmo neste servizo?
- Cal é o motivo de non estudar a viabilidade de asumir unha xestión directa e pública do servizo?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/05/2019 16:56:40



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En Galicia temos unha Lei de caza, a Lei 13/2013, do 23 de decembro, e que entrou en vigor no mes de xaneiro de 2014.

Esta lei non contén ningunha disposición que habilite ao Consello da Xunta de Galicia para ditar algún tipo de normativa de desenvolvemento nun prazo determinado, cando a realidade é que a lei se remite a un futuro regulamento de caza en ata 25 veces (en concreto, nos artigos 12, 15, 20, 25, 26, 29, 37, 40, 41, 42, 44, 46, 49, 50, 58, 59, 61, 63, 70, 76, 77, 78, 79, 85 e a disposición transitoria 4^a). Mais o certo é que teñen pasado xa 6 anos e nada se sabe do regulamento de desenvolvemento posterior á dita lei, polo que é preciso seguir a aplicar o regulamento do ano 2001 (decreto 284/2001, de 11 de outubro), *cos anacronismos correspondentes*.

O anterior significa que non hai control nin regulación específica para algunhas cuestións relativas aos tecores, á cesión de dereitos cinexéticos, aos terreos cinexéticos, á ordenación das explotacións cinexéticas e non cinexéticas, ás zonas de seguridade, aos plans de ordenación cinexética, ás licenzas, á seguridade nas cacerías, aos gardas de caza, ás infraccións ou aos comités de caza, cando menos. Cómpre o desenvolvemento da lei.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto o Goberno ditar disposicións de desenvolvemento da Lei de caza, a Lei 13/2013, do 23 de decembro?
2. Vai abrir o Goberno un procedemento aberto e participativo de cara a ese desenvolvemento? Cando?



3. É consciente o Goberno de que a lei se remite á vía regulamentaria en ata 25 veces?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/05/2019 12:27:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/05/2019 12:27:42

María Luisa Pierres López na data 29/05/2019 12:27:48



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista nunca se comprendeu a venda á mesma empresa concesionaria das aeronaves que prestaban o servizo de gardacostas de Galicia, os chamados Pesca 1 e Pesca 2. Sempre defendemos que foi unha operación non planificada, na que non se tiveron en conta as consecuencias futuras nas contratacións ou mesmo no mantemento do servizo. Non foi só o Grupo Parlamentario Socialista o que criticou esta operación, xa que mesmo do Consello de Contas, naquel momento, os argumentos eran similares.

Novamente, temos que lamentar que xurde a preocupación por este servizo, xa que os traballadores e traballadoras da empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo da Xunta de Galicia, Babcock, iniciaron o 17 de maio unha serie de 27 paros de 24 horas, os cales prolongaranse ao longo deste mes e dos dous seguintes. Son varias as causas que motivan esta folga e basicamente están relacionadas coa precariedade das condicións laborais e económicas que o cadro de persoal da empresa denuncia vir sufrindo.

Independentemente das causas, o que resulta moi preocupante son as consecuencias presentes e futuras que estes paros poden ocasionar respecto do mantemento do servizo a prestar, tratándose neste caso dun servizo de gran relevancia, que debe dar resposta, entre outras cuestións, ás emerxencias no mar.

Por parte do Goberno galego é preciso esixir que se sigan levando a cabo as medidas de mantemento e modernización das aeronaves. Debe ademais velar porque o servizo se siga prestando, en condicións óptimas, independentemente dos conflitos laborais que se produzan na empresa.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Que xestións fixo o Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de gardacostas de Galicia para evitar minguas no servizo durante o paros programados polo seu cadro de persoal?

2ª. Que xestións fixo o Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de gardacostas de Galicia para asegurar que se sigan a levar a cabo as operacións de mantemento de modernización das aeronaves Pesca 1 e Pesca 2?



3ª. Que xestións fixo o Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de gardacostas de Galicia para asegurar o servizo, á vista da redución do cadro de persoal que está a sufrir a empresa?

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 29/05/2019 12:51:45

Patricia Otero Rodríguez na data 29/05/2019 12:52:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**.

O IGE vén de publicar o Informe sobre Comercio Exterior que fai referencia ao primeiro trimestre do ano 2019. Os datos que amosa dito informe supoñen un importante punto de inflexión con respecto aos últimos anos.

Durante os meses de Xaneiro a Marzo, as exportacións galegas acadaron os 5.155 millóns de euros mentres que as importacións supuxeron un total de 5.025 millóns de euros. Aínda que se rexistra un superávit comercial, existe un aspecto clave que cómpre poñer de manifesto: o volume de exportacións do primeiro trimestre reduciuse nun 9,5% con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que as importacións ascenderon nun 14,3%.

Pola contra, no conxunto de España, as exportacións mantivéronse no mesmo nivel do mesmo período do ano anterior, mentres que as importacións soamente supuxeron un incremento do 3,2%.

Deste xeito Galicia, sen ter en conta a Ceuta e Melilla, convértese na segunda Comunidade Autónoma co maior descenso das exportacións e na primeira, co maior incremento das importacións. Así pois, e tendo en conta o comercio exterior de Galicia durante os últimos, estes datos publicados resultan ser moi preocupantes xa que supoñen un importante punto de inflexión.

Resulta certo que durante os últimos meses estase producindo un importante axuste das tarifas arancelarias a nivel mundial, pero tamén é certo que este





conflito involucra principalmente aos EEUU e a China. No caso das exportacións galegas estas diríxense na súa gran maioría á UE, polo que o gran descenso que se observa nas exportacións galegas non estaría xustificado polos cambios dados nas tarifas arancelarias.

Ante estes datos, o Grupo parlamentario de En Marea, presenta as seguintes preguntas.

1. A que é debido que as exportacións galegas se reducirán nun 9,5% no primeiro trimestre do ano con respecto ao mesmo período do ano anterior?
2. A que é debido que as importacións galegas aumentarán nun 14,3% no primeiro trimestre do ano con respecto ao mesmo período do ano anterior?
3. Como é posible que Galicia sexa a Comunidade Autónoma onde máis se reducen as exportacións?
4. Como é posible que Galicia sexa a Comunidade Autónoma onde máis aumentan as importacións?
5. A que se debe a diferenza co resto de España?
6. Ten a Xunta analizado o impacto que terá na economía galega os cambios que se están dando no comercio internacional?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 29/05/2019 12:58:03

Julia Torregrosa Sañudo na data 29/05/2019 12:58:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Índice de Producción Industrial resulta ser un índice de volume e que ten como obxectivo fundamental medir a evolución no curto prazo do valor engadido das diferentes ramas industriais dun país.

Recentemente, o Instituto Galego de Estatística vén de publicar o Índice de Producción Industrial do mes de marzo e os datos indican un retroceso do 6,9% con respecto a marzo de 2018, mentres que a nivel nacional rexistrouse unha caída do 0,1%. Deste xeito, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma que rexistra a maior caída do ano soamente superada pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Con respecto a aquelas ramas industriais nas que se produce un maior retroceso destaca a “producción de enerxía eléctrica” que cae en 8,2 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta 1,1 puntos, a “metalurxia” e a “fabricación de material e equipamento eléctrico” que restan 0,4 puntos, cada unha delas, á taxa interanual. Así pois é na produción de bens intermedios e na produción de enerxía onde se rexistran as principais caídas.

Ante estes datos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:





1. Como explica a Xunta a caída da produción industrial rexistrada en Galicia?
2. A que se debe, segundo a Xunta, que Galicia sexa a Comunidade Autónoma onde máis se reduce o índice industrial?
3. Por que se produce un retroceso do índice industrial nas ramas indicadas?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 29/05/2019 12:41:35

Julia Torregrosa Sañudo na data 29/05/2019 12:41:50





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Coa Resolución do 24 de maio publicada no Boletín Oficial do Estado 24 o 27 de maio de 2019, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de poxas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde IET/2013/2013, de 31 de outubro para o período entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2019, entre outras medidas confírmase un cambio relevante: os bloques de 40 MW subastados serán como moito 16 cando na anterior poxa foron adxudicados 21. Ademais, o prezo de saída será máis baixo.

Hai que recordar varias cuestións. Dunha banda, o sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electointensiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra banda, respecto da situación en 2019 cómpre recordar a concreta de Alcoa e que diante das alarmas pola presunta imposibilidade de que as plantas de Alcoa puideran concorrer, finalmente o Ministerio de Reyes Maroto desmentía a Red Eléctrica de España e afirmaba que Alcoa si podería concorrer xa que deixara de prestar a interrompibilidade por unha circunstancia excepcional.

É preciso estar vixiantes diante das repercusións para Galiza desta nova porxa.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que valoración fai o goberno galego do resultado da poxa de interrompibilidade de xuño para a industria electrointensiva galega?

-Que valoración fai o goberno galego do funcionamento Orde e concretamente dos bloques e prezos asignados?

-Que repercusións considera o Goberno Galego que se teñen dado na industria electrointensiva galega cos cambios no sistema de poxa? Como as valora?

-Ten avaliado co sector esta última poxa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten realizado ou demandado o goberno galego algún tipo de interlocución co goberno do Estado ao respecto? En que termos?

-Ten realizado a Xunta de Galiza, ao abeiro do INEGA ou dalgún outro instrumento, unha avaliación do posíbel impacto no momento de coñecerense os borradores previos?

-Ten presentado a Xunta de Galiza alegacións ou propostas para unha nova regulación? Cales foron as razóns?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2019 13:43:33

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2019 13:43:37

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2019 13:43:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2019 13:43:39

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2019 13:43:41

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2019 13:43:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

O circunvalación de Carballo é unha demanda histórica do concello de Carballo, da comarca de Bergantiños e do tecido social e empresarial da comarca. Trátase dunha infraestrutura vital para mellorar a mobilidade, a conectividade e a competitividade desta área, pois permitiría desviar do casco urbano o tráfico de paso mellorando a calidade de vida e a seguranza viaria, e tamén mellorar a conexión dos parques empresariais de Bértoa e A Laracha.

Despois de máis de 20 anos de proxectos, logo de acordos unánimes da corporación de Carballo, a Xunta de Galiza segue sen acometer a construción desta infraestrutura. Se ben esta obra foi incluída no Plan Move do ano 2010, a realidade é que pasados 9 anos segue sen aprobarse e executarse.

No mes de marzo de 2018 o alcalde de Carballo reuniuse co presidente da Xunta de Galiza para reclamar a aprobación deste proxecto así como outras obras que son demandas históricas deste concello. Pasados máis de 15 meses da reunión, o goberno galego non deu ningún paso adiante para facela realidade.

O pasado 18 de maio, nun mitin electoral en Carballo, o presidente da Xunta comunicoulle ao candidato do PP ás municipais que se era alcalde falarían da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

circunvalación. Mais alá da utilización partidista da presidencia da Xunta que destilan estas palabras, o BNG entende que é o momento de falar da circunvalación e de facelo co alcalde de Carballo elixido pola cidadanía nas urnas o pasado 26 de maio. E sobre todo é o momento de aprobar o proxecto e planificar a súa construción dotando os orzamentos necesarios para facela realidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto o goberno galego aprobar o proxecto da circunvalación de Carballo no presente ano 2019?

Vai incluír a Xunta unha partida no orzamento de 2020 para licitar e comezar a execución desta infraestrutura?

Ten previsto o presidente do goberno galego falar co alcalde de Carballo sobre esta infraestrutura de vital importancia para o desenvolvemento de Carballo e a súa comarca?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2019 14:07:12

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2019 14:07:17

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2019 14:07:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2019 14:07:19

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2019 14:07:21

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2019 14:07:22



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A calidade é a propiedade ou conxunto de propiedades inherente a algo, que permite xulgar o seu valor, e que permite comparala con calquera outra da súa mesma especie.

Para o historiador e crítico da arquitectura Willian Curtis *“a arquitectura de calidade está intimamente ligada ao diálogo coa sociedade co contexto urbano – en sentido físico – e a iconografía da cidade.”*

Nun contexto no que ten diminuído a obra pública, ábrese un momento idóneo para reflexionar sobre este concepto co obxectivo de mellorar a calidade xeral da arquitectura.

Aínda hoxe as persoas usuarias descoñecen as calidades a valorar nunha edificación, máxime se falamos do ámbito residencial, tan agredido e pouco coidado durante anos no territorio galego.

Galicia conta con persoas expertas suficientes para poder valorar en todo caso as condicións de calidade arquitectónica que lle da a unha edificación un valor engadido. Ése que no futuro a convirte en moitos casos en patrimonio susceptible de seren conservado e protexido. Ter en conta a imitación do tradicional, ou a idade como único valor que outorga calidade a unha edificación é negar a posibilidade de aportar arquitecturas que nun futuro podan converterse tamén en patrimonio

A día de hoxe, contamos con edificacións modernas e contemporáneas recoñecidas internacionalmente, non só en ámbitos urbanos senón incluso en contornos rurais. Moitas delas non empregan materiais ou volumetrías tradicionais, e sen embargo conseguen a súa integración na paisaxe e contornos. Sen embargo a normativa actual e moitos dos planeamentos municipais, antepoñen o valor da preexistencia, moitas veces sen valor, e desdeñan a contemporaneidade, aínda que a súa linguaxe recolla as proporcións, o equilibrio



e os principios da tradicional, e os reinterprete afastándose do mero mimetismo tipolóxico.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia xa contempla a calidade arquitectónica, contemplándoa en dous dos seus artigos:

Art. 24 Réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural

No seu punto 7: as novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico

No seu punto apartado c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

Pero estes artigos, non atopan unha aplicación práctica, porque non existe a día de hoxe un procedemento que permita ás persoas promotoras xustificar a calidade arquitectónica das súas edificacións.

A situación é tan incomprendible, e tan contraria a unha mellor paisaxe, que a día de hoxe a falta de calidade arquitectónica dunha vivenda non a discute ninguén, sempre que asuma unha cor, un material e un volume, pero a calidade extraordinaria parece ser algo que se rexeita como un problema a evitar.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Desde a posta en marcha da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que tipo de pasos se teñen dado para articular debidamente a xustificación da calidade arquitectónica contemplada nos artigos 24 e 39?
2. Que ten provocado que non se conseguise regular ata o momento a calidade arquitectónica das edificacións en Galicia?
3. Entende este Goberno que a excepcional calidade arquitectónica das edificacións ten que estar dalgún modo regulada para poder en todo caso garantir a súa xustificación?
4. Vai a establecer este Goberno de forma inmediata algún tipo de medida que garanta a xustificación da calidade arquitectónica das edificacións que así o demanden en Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 29/05/2019 16:34:29

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 16:38:12
Nº Registro: 50315
Data envío: 29/05/2019 16:38:12.686

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/05/2019 16:34:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/05/2019 16:34:38

CSV: BOPGDSPG80kivE1D10
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as obras no Ben de Interese Cultural do complexo industrial de Sargadelos en Cervo.

A fábrica de Sargadelos no Concello de Cervo está a ser reformada na súa fachada. No concreto no seu edificio circular, o primeiro construído do conxunto que conforma o monumento declarado como Ben de Interese Cultural (BIC) no ano 2014 (Decreto 171/2014, do 26 de decembro).

O edificio circular é unha obra de Andrés Fernández-Albalat Lois, membro do Laboratorio de Formas. A súa construción iniciouse en 1968. Esta edificación é descrita no propio Decreto como “un edificio industrial singular con forma de coroa circular, que responde ao requirimento funcional dun proceso produtivo linear no cal debían confluír o inicio e o final. Ao mesmo tempo, debía converterse en espazo de relación entre as persoas e cultural como sede do Laboratorio de Formas, así como símbolo da propia fábrica”.

Trátase, pois, dun complexo que alén de factoría é un monumento, unha mostra do inmenso patrimonio artístico e cultural de Galiza.

Desde a asociación Mariña Patrimonio denunciaron diante da Consellaría de Cultura e publicamente, que se están a levar a cabo obras na fachada do edificio circular





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen a correspondente autorización por parte da Xunta como dispón a Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza no seu artigo 39.1: “as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª

- Foron autorizadas pola Consellaría de Cultura as intervencións desenvolvidas na fachada do edificio circular do complexo industrial de Sargadelos no Concello de Cervo?
- Que supuxeron as obras neste BIC, monumento cultural?
- Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir a protección deste BIC?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2019 16:56:55

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2019 16:56:59

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2019 16:57:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2019 16:57:02

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2019 16:57:03

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2019 16:57:04



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Dentro do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, se define como Área Estratéxica 5 a “Igualdade na calidade de vida e benestar”. O obxectivo estratéxico desta área é “reforzar a perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos co fin de contribuír á mellora da calidade de vida, da saúde e ao benestar integral da poboación feminina, así como á eliminación das desigualdades entre mulleres e homes en ámbitos como a cultura, o deporte, os medios de comunicación e na sociedade en xeral.”

E os obxectivos específicos son:

5.1 Desenvolver políticas de saúde con enfoque de xénero que atendan á diversidade das mulleres e ás especificidades de todo o seu ciclo vital.

5.2 Potenciar os recursos de atención e apoio para garantir unha asistencia integral ás mulleres embarazadas ao longo de todo o ciclo da maternidade (embarazo, parto, posparto, lactación e crianza) adaptada á súas características.

5.3 Fomentar estilos de vida que contribúan ao benestar físico, emocional e social das mulleres desde unha perspectiva de participación activa no seu autocoidado.

5.4 Promover a especialización e a diversificación dos recursos públicos para facilitar unha resposta de calidade ás necesidades das mulleres, en especial das que se atopan en situación de maior dificultade.

5.5 Contribuír ao desenvolvemento sustentable mediante a incorporación da perspectiva de xénero ás políticas medioambientais, de ordenación territorial, de infraestruturas e de mobilidade.

5.6 Promover a igualdade entre mulleres e homes na actividade deportiva.



5.7 Reforzar o principio de igualdade de xénero no ámbito da cultura e da produción artística e intelectual.

5.8 Consolidar un modelo social máis equitativo en xénero mediante o impulso dun estado de opinión favorable á igualdade e a transmisión de imaxes e contidos igualitarios e plurais nos medios de comunicación e na publicidade.

Como recolle o artigo 13, Capítulo III do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, “a Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a través daqueles en que participe ou aos cales subvencione, garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade (...).”

Para iso, garantirase, entre outros aspectos, a adopción, mediante a autorregulación, de códigos de boas prácticas tendentes a transmitir o contido dos valores constitucionais sobre a igualdade entre homes e mulleres, así como a utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes, especialmente no ámbito da publicidade.

Na cobertura das eleccións municipais do pasado 26 de maio, por poñer un exemplo chamaba a atención como entre os titulares se puido ler “*elixen o primeiro alcalde para Cerdedo-Cotobade*”, un titular que obviaba que unha das persoas candidatas era unha muller, e acompañado tamén dunha frase que poñía: “*A fusión non convence a todos os veciños*”. Chamaba a atención cando posteriormente a estes titulares se cubría unha noticia que falaba de colexios electorais máis inclusivos.

A linguaxe empregada non exclusivamente nesta noticia senón habitualmente na TVG é dunha linguaxe androcestrista e excluínste da muller, o que afonda aínda máis nas imaxes estereotipadas de homes e mulleres, o que sendo un medio público é extremadamente preocupante.

Dado que o compromiso da Xunta de Galicia, está perfectamente expresado, non só no VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, senón na propia Lei de igualdade galega e o Plan da Axenda 2030.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten provocado que un medio como é o da RTVG siga sen tomar as medidas precisas para incorporar nas súas informacións o uso dunha linguaxe inclusiva?
2. Existe algún tipo de protocolo ou guía que evite a exclusión e uso de estereotipos de xéneros na redacción das noticias da RTVG?
3. Que medidas se teñen tomado e se pensan tomar para mellorar no tratamento especializado das noticias de violencia de xénero?
4. Están a cumprirse os obxectivos contemplados no VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 no relacionado coa eliminación das desigualdades entre mulleres e homes no ámbito dos medios de comunicación?
5. Entende preciso implicar os diferentes medios de prensa nun compromiso para un uso responsable da linguaxe que permita desterrar usos sexistas das linguaxes e das informacións e que perpetúen as desigualdade de trato entre mulleres e homes?
6. Cando contará a RTVG cun Plan de igualdade?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 29/05/2019 16:56:29

Noela Blanco Rodríguez na data 29/05/2019 16:56:35

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/05/2019 16:56:41

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/05/2019 16:56:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/05/2019 16:56:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

A fábrica de Alcoa na Coruña experimenta unha forte crise desde que en outubro do 2018, exactamente o día 17, a empresa anunciara aos cadros de persoal de Coruña -e tamén de Avilés- a súa intención de pechar as instalacións da empresa.

Con posterioridade sucedéronse diversas iniciativas tanto dos e das traballadoras como do Parlamento de Galiza e doutras administracións implicadas na procura dunha saída para que o peche non acontecera. Entre elas, desde o goberno central asegurouse reiteradamente que se impulsaría un Estatuto específico para as empresas electrointensivas. Porén, este foi demorando e o seu primeiro borrador defraudou as expectativas e no momento de se asinar esta iniciativa aínda non se coñece a súa concreción final.

Neste período preveuse tamén a edición dunha nova poxa de interrompibilidade para o mes de xuño. Diante das alarmas pola presunta imposibilidade de que as plantas de Alcoa puideran concorrer, finalmente o



Ministerio de Reyes Maroto desmentía a Red Eléctrica de España e afirmaba que Alcoa si podería concorrer xa que deixara de prestar a interrompibilidade por unha circunstancia excepcional. Porén, finalmente en maio vén de saír pública a Orde que regula a próxima poxa e todo parece confirmar que a fábrica da Coruña está excluída.

Cómpre recordar que estamos a falar dunha industria estratéxica, a do aluminio, nun contexto de forte desindustrialización e terciarización da economía galega. Falamos dun volume de 400 postos de traballo na Coruña ao que hai que sumar o impacto na industria auxiliar e na actividade portuaria, e mesmo o risco sobre Alcoa San Cibrao, que sumando a industria auxiliar chegaría a unha afectación de máis de 2.000 persoas.

Máis aínda, as mudanzas introducidas na concreción desta nova poxa botan de novo inquedanza e inestabilidade sobre todo o sector, podendo traer consecuencias graves sobre a industria do noso país. Coa orde publicada no BOE, a Resolución de 24 de maio de 2019, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de poxas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde IET/2013/2013, de 31 de outubro para o período entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2019, entre outras medidas confírmase un cambio relevante: os bloques de 40 MW subastados serán como moito 16 cando na anterior poxa foron adxudicados 21. Ademais, o prezo de saída será máis baixo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Como valora o goberno galego o impacto na economía galega da poxa de interrompibilidade de xuño de 2019?

Como valora a situación de Alcoa Coruña?

Como valora o goberno galego o estado de saúde da industria electrointensiva galega?

Que actuacións valora o goberno galego respecto de Alcoa e a proximidade do 1 de xullo?

Ten información o goberno galego dos posíbeis compradores? Cal é a súa valoración da situación?

Coñece o goberno galego se hai alternativas separadas para as fábricas de Coruña e Avilés ou se serían conxuntas?

Como valora o goberno galego a evolución das negociacións para unha tarifa industrial estábel?

Como valora a evolución do Estatuto de Electrointensivas? Ten coñecemento de se foron ou serán atendidas as súas reclamacións respecto deste ámbito? E concretamente no tocante á inclusión da categoría de hiperelectrointensivas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que está en vías de se resolver o problema da enerxía para a industria galega?

Que valoración fai o goberno da Xunta de Galiza de que un país produtor como Galiza non poida ser competitivo neste ámbito? Que vai facer para mudalo?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2019 17:11:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2019 17:11:20

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2019 17:11:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2019 17:11:23

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2019 17:11:24

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2019 17:11:26



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista son varias xa as iniciativas rexistradas en relación á recuperación do número de permisos de marisqueo a pé en Galicia, especialmente, no que se refire aos relativos a permisos ás mulleres, xa que estes veñen sufrindo desde que Feijóo goberna na Xunta, unha redución dun terzo deles. A última foi no mes de maio deste ano, e na iniciativa solicitábase un plan específico para a recuperación dos permisos. O dito plan debería estar orientado ao sector feminino.

O PP non apoiou esta iniciativa, e presentou unha emenda na que instaba ao Goberno galego a “levar a cabo a implementación do Plan de acción do marisqueo Galicia 2030”. En relación a este plan, resulta canto menos curioso que o mesmo non se atopa en ningunha publicación da Xunta de Galicia, polo que non comprendemos como é posible que o Goberno galego presente a implementación dun plan, que a día de hoxe non semella estar elaborado. Sería conveniente coñecer, polo tanto, o seu contido, e tamén diversos aspectos, tales como os principios nos que se basea, os obxectivos concretos que se perseguen e os indicadores que se utilizarían para valorar o seu grao de consecución. Outro aspecto a considerar deberá ser a cronoloxía na implementación do dito plan, así como o número de permisos de marisqueo que se pretende recuperar cada ano, e cantos destes corresponderán a mulleres, xa que, este é o colectivo máis prexudicado nos últimos anos.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que obxectivos se perseguen no Plan de acción do marisqueo Galicia 2030, en canto á recuperación de permisos de marisqueo? Cantos destes son destinados ás mulleres?
- 2ª) Cal é a cronoloxía na recuperación de permisos de marisqueo no Plan de acción do marisqueo Galicia 2030?
- 3ª) Que indicadores se utilizan para coñecer o grao de cumprimento do Plan de acción do marisqueo Galicia 2030?



4ª) Cales son os principios nos que se basea o Plan de acción do marisqueo Galicia 2030?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 29/05/2019 17:34:36

Patricia Otero Rodríguez na data 29/05/2019 17:34:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar diante da folga do persoal da empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos por parte da Xunta de Galiza.

O persoal da principal concesionaria do servizo de helicópteros, Babcock MCS que forma parte da compañía británica Babcock Internacional Group, antiga INAER, iniciaron o venres 17 de maio unha folga, con calendario de paros ao longo do resto do mes de maio e tamén en xuño e xullo.

Esta protesta ven motivada pola pretensión da empresa de levar a cabo unha modificación substancial das condicións laborais consistente en aplicar uns recortes salariais de entre un 13 e un 30%, a pesares de ter anunciado beneficios millonarios.

@s traballadores/as non aceptan esta redución, e pola contra denuncian unha precarización progresiva do servizo, recorte do cadro de persoal en talleres e tripulacións, ou a falta de stock en pezas de reposto, o que ocasiona dilacións nas pretensións. Aumento de carga de traballo e eliminación de dereitos adquiridos.



A Consellería do Mar ten subscrito coa empresa Babcock Mission Critical Services España, S.A.U. un contrato administrativo de servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia desde o 31 de outubro de 2017. Ao mesmo tempo a dita compañía tamén vén prestando os seus servizos á Consellería do Medio Rural a través dos contratos de servizo integrado de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais; do servizo integrado dun helicóptero e técnicos coordinadores con destino á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais; e o servizo integrado de helicópteros, técnicos coordinadores e técnicos analistas con destino á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais.

A situación denunciada pode repercutir directamente na seguridade das operacións que teñen que realizar e na calidade do servizo, polo que debe ser obxecto de ocupación por parte da Xunta de Galiza, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-É coñecedor o Goberno galego da situación de conflitividade laboral existente na empresa Babcock MCS coa que ten contratos de servizo?

-Ten realizado algunha acción de mediación entre a empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos por parte da Xunta de Galiza, e @s traballadores/as para solucionar o conflito laboral de xeito que se garantan os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seus dereitos laborais e evitar repercusión na calidade do servizo que teñen que prestar?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2019 17:42:57

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2019 17:43:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2019 17:43:02

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2019 17:43:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2019 17:43:09

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2019 17:43:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte corrección de erros na pregunta para resposta oran en comisión con número de rexistro **50347**.

Onde dí: “para debate na Comisión 5ª”, debe dicir: “para debate na Comisión 8ª”.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2019 11:35:23

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2019 11:35:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/05/2019 11:35:28

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2019 11:35:30

Noa Presas Bergantiños na data 31/05/2019 11:35:31

Xosé Luis Bará Torres na data 31/05/2019 11:35:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**

O Acordo de París de 2015 sobre o Cambio Climático, resultante da 21^a Conferencia das Partes da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP 21), dá un impulso aos esforzos da UE por descarbonizar o seu parque inmobiliario. Tendo en conta de que practicamente o 50 % do consumo final de enerxía na Unión destínase a calefacción e refrixeración, e que o 80 % desa enerxía utilízase en edificios, a consecución dos obxectivos da UE en materia de enerxía e cambio climático está vinculada aos esforzos desta por renovar o parque inmobiliario, priorizando a eficiencia enerxética, aplicando o principio de «primeiro, a eficiencia enerxética».

A Comisión, na súa Comunicación relativa á eficiencia enerxética e a súa contribución á seguridade da enerxía e ao marco 2030 para as políticas en materia de clima e enerxía, na súa Comunicación relativa a unha Estratexia Marco para unha Unión da Enerxía resiliente cunha política climática prospectiva e na súa Comunicación relativa a unha visión estratéxica europea a longo prazo dunha economía próspera, moderna, competitiva e climaticamente neutra, destacou a importancia da eficiencia enerxética para a consecución dos obxectivos da Unión en materia de enerxía e cambio climático e para a transición a unha enerxía limpa, así como o papel do sector inmobiliario na consecución deses obxectivos. Na última das tres Comunicacións, a Comisión fai fincapé en que as medidas en materia de eficiencia enerxética deberían desempeñar un papel central na consecución dunha economía neutra desde un punto de vista climático





de aquí a 2050 e na redución do consumo de enerxía á metade con respecto a 2005.

Estas Directivas teñen dous obxectivos complementarios, a saber, acelerar a renovación dos edificios existentes de aquí a 2050 e favorecer a modernización de todos os edificios mediante tecnoloxías intelixentes e un vínculo máis claro coa mobilidade limpa.

Ante esta evidencia de que a eficiencia enerxética nos edificios é a principal medida para reducir o consumo de enerxía e a emisión de gases de efecto invernadoiro, e as medidas contempladas nas Directivas Europeas mencionadas, En Marea presenta a seguinte **Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral na Comisión 6ª**:

- 1.- Que instrumentos financeiros, e con que nivel de execución, mobilizou a Xunta de Galicia nos últimos 3 anos para lograr unhas taxas de renovación de edificios máis elevadas?
- 2.- Que actuacións está a realizar a Xunta de Galicia para formar profesionais dotados das capacidades adecuadas para as actuacións de eficiencia enerxética nos edificios?
- 3.- Para a modernización da contorna construída, que plan integrado está a realizar a Xunta de Galicia desde o punto de vista da eficiencia enerxética?
- 4.- Para o plan mencionado no punto anterior, está a Xunta de Galicia contando con todas as partes interesadas: cidadáns, Concellos, empresas de rehabilitación, comunidades de veciños, etc.? Con que Actuacións concretas?





5.- Ten a Xunta de Galicia unha folla de ruta, con fitos e indicadores de progreso e de financiamento e investimento tanto público como privado?

6.- Está a Xunta de Galicia fomentando o acceso igualitario ao financiamento, en particular para os segmentos menos eficientes do parque inmobiliario, para os consumidores en situación de pobreza enerxética e para as vivendas sociais? Con que actuacións concretas?

7.- Desenvolve a Xunta de Galicia estudos a partir das bases de datos de certificados de eficiencia enerxética dos edificios? En caso de facerse, que conclusións se obtiveron?

8.- Desenvolve a Xunta de Galicia estudos sobre consumo de enerxía medido ou calculado de determinados edificios e que garantan a dispoñibilidade de datos anonimizados agregados para poder tomar medidas de mellora de eficiencia enerxética?

9.- En caso de realizarse os estudos mencionados no punto anterior, ponse en coñecemento dos propietarios ou arrendatarios dos edificios por medio dunhas ferramentas de asesoramento transparentes e accesibles?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Francisco Casal Vidal na data 29/05/2019 18:01:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a emisión de debates electorais e o horario elixido para a súa difusión e re-difusión.

Con motivo das dúas últimas convocatorias electorais (Xerais, Municipais e Europeas) a CRTVG emitiu diversos debates de acordo coa súa misión de servizo público ao igual que fixeron, a modo de exemplo, as demais corporacións públicas da nosa contorna.

Porén, o horario elixido pola CRTVG para os emitir distou moito do acontecido noutras canles. Así, a TVG difundíunos en horario de mañá (a partir das 10.15h) a través da primeira canle (TVG-1) e no marco do magazine de mañá, Bos días, para despois repoñelos a partir das 22.45 h. na segunda canle (TVG-2).

A modo de contraste, podemos ver como as televisións públicas española, vasca e catalá, optaron por emitir estes os seus debates en horario de máxima audiencia (a partir das 22 horas) polas primeiras canles e non como parte doutros espazos informativos senón con independencia destes.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Certo é que a Lei 9/2011 de medios públicos non regula os debates electorais, cuestión que o Bloque Nacionalista Galego (BNG) criticou no proceso de tramitación da lei e defendeu incluír, toda vez que os debates electorais son un dereito para o conxunto da sociedade e unha garantía democrática que posibilita o contraste de ideas, opinións e proxectos entre as distintas forzas políticas.

Porén, si que aparecen recollidos no Mandato Marco (2015) como parte da cobertura informativa durante os procesos electorais:

Artigo 26. Procesos electorais.- Nos procesos electorais, a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, así como as resolucións emanadas das respectivas xuntas electorais serán de aplicación á hora de establecer os criterios de representación e proporcionalidade nos espazos gratuítos, na información electoral e nos debates.

Así mesmo, o artigo 21 do devandito Mandato Marco, obriga a CRTVG a adecuar na súa programación os “horarios respecto da audiencia potencial. A Corporación RTVG, dentro do marco dos seus obxectivos, adecuará os contidos e os horarios das súas programacións, así como os das súas promocións, ás expectativas da súa audiencia potencial”.

Neste senso, semella que emitir un debate nun día laborábel e en horario de mañá non se axusta ao criterio de adecuación da audiencia potencial pois o electorado está composto por persoas maiores de idade que, malia os elevadísimos índices de desemprego que se rexistran no noso país, ás 10.15 horas está no seu posto de traballo ou na universidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De facto, os maiores índices de cota de pantalla (share) rexístranse –en todas as televisións, públicas e privadas, tamén na TVG-- no denominado prime time, é dicir entre as 22h—24h.

Fronte ás críticas por esta decisión, a Corporación ten saído ao paso a través das súas contas oficiais na RR.SS, afirmando que os debates se difundiron de novo a partir das 22.45h na segunda canle. Cómpre lembrar e salientar que de acordo cos datos oficiais a TVG-2 rexistra unha audiencia media por baixo do 1% no total do día fronte á primeira canle que se sitúa no 10%.

Para o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a decisión adoptada pola CRTVG nos últimos procesos electorais furta o dereito da cidadanía a se informar e poder contrastar a través do democrático e san debate, as distintas opcións, ideas e proxectos que concorren electoralmente ao non adaptar a emisión dos debates electorais aos espazos de máxima audiencia (prime time) na canle que máis televidentes congrega (TVG-1) co obxectivo de cumprir así a súa misión de servizo público.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Por que decidiu a CRTVG emitir en horario de mañá os debates electorais (a parti das 10.15h) e programou a súa redifusión a partir das 22.45h na TVG-2?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que audiencia tiveron estes debates na primeira canle? E na segunda?
- Que audiencia tivo a TVG-1 en prime time nos distintos programas que se emitiron os días dos debates?
- Cre a CRTVG que cumpriu con esta decisión a súa misión de servizo público?
- Pensa mudar esta decisión a futuro?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2019 13:52:16

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2019 13:52:21

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2019 13:52:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2019 13:52:24

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2019 13:52:26

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2019 13:52:28



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado 17 de maio o magazine da TVG A Revista dedicou parte do programa a dar consellos de estética ás nenas. En concreto ensinando a unha menor de idade como debía maquillarse para a asistir a súa Primeira Comunión. “Pódense corrixir pequenas imperfeccións da pel debido a unha puberdade adiantada”, e “Algo sinxelo, con pouca elaboración, soamente para realzar a beleza das nenas” foron algunhas frases que se puideron ler na peza publicada no magazine da TVG A Revista emitido o 17 de maio sobre a maquillaxe das nenas pola primeira comunión.

A peza espertou críticas de persoas que a través das redes sociais acusaron a televisión pública galega de fomentar a hipersexualización das nenas, o machismo, a frivolidade, e a exposición irresponsable da infancia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai de que o programa A Revista dedicara parte do seu programa do día 17 de maio, a aconsellar ás nenas sobre como debían maquillarse para a asistir a súa Primeira Comunión?
2. Considera que este programa reproduciu estereotipos de xénero, e fomentou comportamentos machistas?
3. Ten previsto a CRTVG emitir nos programas das súas canles, espazos dedicados a dar consellos de estética ás nenas?

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/05/2019 18:29:59

María Luisa Pierres López na data 28/05/2019 18:30:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 50248
Data envío: 28/05/2019 18:32:34.434

Julio Torrado Quintela na data 28/05/2019 18:30:13

CSV: BOPGDSPG80kivE1D10
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

